

# ¿Americanos revolucionarios ou indianos reformistas?

## Sobre os emigrantes e a política na Galicia da Restauración (1900-1923)

XOSÉ M. NÚÑEZ SEIXAS\*

No estudo das varias dimensións da emigración transoceánica dende Europa nos séculos XIX e XX, téñese tendido a outorgar preeminencia á consideración dos efectos económicos do fenómeno emigratorio, as causas da saída e os factores de atracción, asemade ó artellamento das comunidades de inmigrantes nos países receptores e a dialéctica asimilación / integración que ten lugar nas novas sociedades. Vista deste xeito, a emigración é apresentada adoito como un fenómeno cuxo influxo a medio e longo prazo é sempre prexudicial para os países emisores, privados de amplos segmentos da súa poboación en idade laboral, o que conleva unha perda irreparábel dende o punto de vista económico: os xoves emigrantes levan con eles a súa potencialidade laboral, os custos investidos na súa formación por parte do Estado, e maila súa "seiva rexeneradora", é dicir, a súa capacidade de converterse en dinamizadores da evolución socio-política da vella Europa.

Esta é, con diversos matices, unha impresión xeralmente asumida para o caso español, e moi particularmente para Galicia, país estruturalmente atrasado que baseaba a súa economía nunha agricultura de policultivo e minifundio,

afastada do progreso industrial e do proceso de *modernización*. Así, téñese vencellado directamente a emigración masiva que comeza nas últimas décadas do XIX coa ausencia duns segmentos de poboación politicamente progresistas e que, especialmente nas zonas rurais, poderían ter constituído a base de novas élites alternativas ós caciques tradicionais que monopolizaban o poder político e o control social<sup>1</sup>. A emigración sería en Galicia, xa que logo, un andazo social que axiría como freo remanente ás posibilidades de acción colectiva ou mobilización do campesiñado e da escasa burguesía urbana do país, e cuxos efectos serían sempre negativos. Esta visión tamén ten sido moi característica da esquerda galega e do pensamento nacionalista, que ten considerado que, ademais, a emigración actuou en todo intre como válvula de escape das tensións sociais, ó aliviar-la presión demográfica, impedindo estalidos revolucionarios e perpetuando a suxeción do pequeno campesiñado minifundista ó caciquismo e ó centralismo.<sup>2</sup> E ademais diso, a emigración suporía a aceleración da *desgaleguización* do país, privándoa dos "elementos dinámicos" que o poderían rexerar, e propiciando a conversión de galego-falantes en

\* Xosé M. Núñez Seixas (Ourense, 1966) é Doutor en Historia Contemporánea polo Instituto Universitario Europeo de Florencia (1992), e profesor titular de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela.

<sup>1</sup> P.ex., J.J. Linz ten afirmado explicitamente que a ausencia no campo galego de elementos xoves, xunto á pasividade do clero rural, empeceba que se conformase unha elite social que encabezase unha mobilización política complementaria á da pequena burguesía urbana e apoiase, p.ex., o movemento nacionalista: vid. J.J. LINZ, «Early State-Building and Late Peripheral Nationalisms against the State: the Case of Spain», in S.W. EISENSTADT/S. ROKKAN (ed.), *Building States and Nations*, Londres/Beverly Hills, 1972, vol. II, 32-112.

<sup>2</sup> Vid. p.ex. a interpretación que facía en 1983 X.M. BEIRAS, en «Na reviravolta da emigración: o seu papel na dinámica da formación galega», in id., *Por unha Galicia liberada. Ensaio en economía e política*, Vigo, 1983, 265-95: «Dende o punto de vista político, a emigración galega supón a renuncia á revolta».

hispano-falantes nas repúblicas suramericanas, quen en aras dunha mellor asimilación percurarian esquecer o denantes posíbel as súas orixes galegas, motivo de bulra e desprezo nas sociedades de acollida.<sup>3</sup>

Nembargantes, esta visión, un tanto tópica se se quere, non sempre se corresponde coa realidade observada no país entre 1890 e 1936. Non podemos xulgar qué tería acontecido en Galicia se non tivese existido unha emigración transoceánica masiva, como si tivo lugar, e xa que logo non imos entrar no debate, ó noso xuízo un tanto distorsionador en termos historiográficos, verbo do carácter prexudicial ou benigno da emigración, polémica que dende comezos de século foi frecuente en toda Europa, e non menos na España e Galicia en particular.<sup>4</sup> Si podemos observar, nembargantes, cálc foi o efecto político-social inducido pola emigración no propio país receptor: a nova dinámica social, política e cultural que se desenvolve en Galicia entre 1900 e 1936, e que é bruscamente tronzada polo golpe de Estado de xullo de 1936 e o control en poucos días polas forzas franquistas do país, non pode ser entendida sen o xogo de interinfluencias e estímulos producido pola emigración. A predicción catastrofista, pois, se non cumpriu, ó igual que tampouco non foi así noutros países: en Irlanda, p. ex., a época de meirande mobilización do campesiñado arrendatario en reivindicación dos seus dereitos ten lugar despois da *Great Famine* de mediados do XIX e do éxodo masivo de millóns de irlandeses cara os Estados Unidos, e en parte isto aconteceu así porque foron aqueles *Irish-Americans* os que

forneceron de ideas, diñeiros e estímulos ós seus compatriotas europeos para que se mobilizasen politicamente; endalí que tanto o movemento agrario coma o nacionalismo hiberniano non poidan seren explicados sen o aporte da emigración transoceánica. E semellantes dinámicas serían sinalábeis noutras zonas da Europa, sobre todo no Leste do continente.<sup>5</sup>

Galicia experimentará mudanzas notábeis na esfera económica, social e política durante o primeiro terzo do século XX, que non son comprensíbeis sen a presenza da *Galicia de alén mar*; é dicir, do fluxo continuado de emigrantes cara a América, dos retornos e saídas, da circulación de ideas e diñeiros ó traveso do Océano. O artellamento de podentes comunidades galegas nos países receptores -sobre todo, Arxentina, Uruguai e Cuba- e a proliferación de formas asociativas ó nivel local, comarcal ou territorial, fíxo posíbel ademais unha correspondencia máis ou menos coordinada de iniciativas e actividades *dende América cara a Galicia*. Naturalmente, é sinxelo e ata colorista rexistrar os cambios cualitativos e pintorescos que os retornados introduciron en Galicia dende 1900: modismos americanos, costumes culinarios ou formas de vestir, aínda presentes hoxe, endebén atal influencia non pase do anecdótico e non abonde, por si sóa, para definir o impacto da emigración sobre Galicia.<sup>6</sup> A cuestión pola que compre preguntarse é: ¿Cal é a influencia real da emigración transoceánica na conformación dun modelo autóctono de desenvolvemento económico e dinámica social, presente en Galicia entre 1900 e 1936? ¿Cal é o

<sup>3</sup> Vid. A. PEREZ PRADO, *Los gallegos y Buenos Aires*, Buenos Aires, 1973.

<sup>4</sup> Vid. B. SÁNCHEZ ALONSO, «La visión contemporánea de la emigración española», *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, n.13 (1989), 439-65; M. LLORDEN MIÑAMBRES, «Posicionamientos del Estado y de la opinión pública ante la emigración española ultramarina a lo largo del siglo XIX», *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, n.21 (1992), 275-89; A. LOSADA/M.P. FREIRE, «Aproximación al estudio de la emigración en el pensamiento gallego (1880-1920)», *Revista de Historia Económica*, VII:2 (1989), 99-105; G. LUCA DE TENA, *Noticias de América. O relato da grande emigración americana na prensa da Galicia e de ultramar*, Vigo, 1993, 47-51, e X.M. NÚÑEZ SEIXAS, «Actitudes del nacionalismo gallego frente a la emigración gallega a América (1856-1936)», *Studi Emigrazione/Études Migrations*, n.102 (1991), 191-216.

<sup>5</sup> Vid., sen ser exhaustivos, R. WALSH, «Irish Nationalism and Land Reform: the Role of the Irish in America», in P.J. DRUDY (ed.), *The Irish in America. Migration, Assimilation and Impact*, Cambridge, 1985, 121-48; K.A. MILLER, *Emigrants and Exiles. Ireland and the Irish Exodus to North America*, Oxford, 1985; M.M. STOLARIK, «The Slovak Search for Identity in the United States 1880-1918», *Canadian Review of Studies in Nationalism*, vol.20:1-2 (1993), 45-56.

<sup>6</sup> Sobre estes aspectos vid. p. ex. X. CASTRO, «Influencias americanas en Galicia», in R. IRIMIA VÁZQUEZ/J.F. FROJAN FONTAN (coord.), *I Encontros Galicia-América*, Santiago de Compostela, 1992, 45-52.



1.- *Membros do Comité iniciador da Sociedade "Ferrol y su Comarca".  
La Habana, 1915.*

influxo político real dos novos estímulos inseridos pola emigración?

Aquí, naturalmente, plantéxanse varios problemas hermenéuticos, e así mesmo a cuestión da deformación histórica que poden producirlos estereotipos, imaxes preconcebidas ou exemplos aillados. Así, p.ex., pódese tender a presupór que *todos* os indianos retornados da América viñan a Galicia inzados de novas ideas adquiridas en ambientes urbanos, cosmopolitas e máis *modernos* que o rural galego, xa que os testemuños dos observadores contemporáneos tenden a salientar o carácter *revolucionario* e desestabilizador da harmonía social que inserirían os retornados; nembargantes, ¿cántos indianos máis ou menos enriquecidos se integraron perfectamente no sistema de poder político-social da Restauración ou da Dictadura de Primo de Rivera? ¿cántos indianos que ascenderan socialmente gracias ó traballo na América investiron en terras e bens raíces e buscaron emparentarse vía casamento coas boas familias da fidalguía galega ou da burguesía urbana? É dicir: non podemos establecer unha ecuación

sen máis entre retornados e "progresistas"; si semella máis factíbel a identificación inversa, sobre todo ó analisarmos as cúpulas directivas das sociedades agrarias, obreiras ou nacionalistas de Galicia dende aproximadamente 1915: os elementos máis radicais no social adoitaban ser emigrantes retornados, que adquiriran na América ideas "avantadas" e deviñan abandeirados delas en Galicia, sobre todo ó nivel local (municipal) e comarcal.

#### I. SOCIEDADES AMERICANAS DE INSTRUCCIÓN E PROXECTO SOCIO-POLÍTICO

A presenza da emigración na vida cotiá e na realidade social galega fíxose sentir en primeiro lugar ó nivel local, sobre todo nas *parroquias*. Tanto é así, que algún autor se ten referido explicitamente á "parroquia de acá e de *acólá*" para describer a interacción de dúas comunidades locais arredadas polo océano, mais que seguiron a conservar os seus elos, enfortecidos coa comunicación epistolar, as remesas materiais e o tráfego máis ou menos

periódico de emigrantes e retornados.<sup>7</sup> As solidariedades locais perviviron ó longo do tempo, e foron nun comezo de carácter máis inmediato e vencellante cás “rexionais” ou “nacionais”; iso reflectíase sen máis na propia estrutura das cadeas migratorias, a reprodución de lazos de paisanaxe na América para a busca de emprego, etc. E a reprodución de pautas asociativas alén mar reproduce en parte esa xerarquización de lealdades: o inmigrante recén chegado a Cuba ou Arxentina tendía a asociarse na sociedade comarcal ou local para “estar” cos seus conveciños, e na institución benéfico-mutualista de ámbito galego (Centro Gallego, Casa de Galicia) ou español (Hospital Español, etc.) para cubrir un tipo de necesidades máis prácticas (a protección en caso de enfermidade, perda do traballo, invalidez, etc.).<sup>8</sup>

A pervivencia desas solidariedades locais favoreceron o mantemento dos vencellos coas comunidades de orixe. E estes elos canalizáronse e cristalizaron, principalmente, ó traveso da orientación das sociedades dos emigrados na América, que a partires de comezos do século XX incluírán entre os seus obxectivos non soamente o apoio mutuo entre os seus membros, senón tamén a coordinación de esforzos para levaren a cabo iniciativas diversas nas súas parroquias de orixe. En principio, cabería disterar varios niveis asociativos nos que ten lugar esa proxección social: en primeiro lugar, o comarcal ou de *parroquia*, en ocasións tamén o concello ou o Partido Xudicial; andando o tempo, boa parte desas iniciativas acharán unha coordinación, principalmente, a nivel provincial e, o que é máis importante, a nivel territorial galego.

A canalización de esforzos e iniciativas por parte das sociedades de emigrantes en Arxentina, Montevideo e Cuba -os casos relativamente mellor coñecidos- a prol dos seus coterráneos en Galicia non foi un fenómeno espontáneo: foi

precisa a actuación dunha elite que fixese tomar certa conciencia ós propios emigrantes da utilidade da súa posíbel aportación ó país natal. Certo é que o emigrante rural, que chegaba ás populosas Buenos Aires ou La Habana de comezos do século XX sen nin sequera ter visitado a capital da súa provincia, sofre un choque cultural importante que, se dunha banda lle empurra á solidariedade étnica cos seus coterráneos para amortiguar ese impacto e poder acomodarse mellor, mediante a axuda mutua emprestada polas sociedades étnicas, ás novas condicións, por outro lado induce un proceso de cambio de coordenadas mentais.<sup>9</sup> Os propios contemporáneos percibían ese cambio de actitude e de mentalidade, aínda que o seu exame detido máis alá das imaxes deixadas por aqueles sexa máis difícil: para J.R. Carracido, p.ex., o emigrante deixaba un mundo de núcleos de poboación pequenos, onde «sus amedrentados habitantes, no sólo no se atreven por flaqueza de la voluntad a mostrarse espontáneos en el desarrollo de sus energías y en el elogio y en la censura de los actos ajenos, sino que ya ni se les ocurre [...] que la humanidad pueda ser de otro modo que como la vieron sus antepasados y la siguen viendo ellos. Su horizonte espiritual no se extiende más allá de los muros de su iglesia, y en el orden civil y en el económico viven a merced del cacique y del delegado del fisco»; polo contrario, cando o campesiño emigra e se submete a «fuertes contrastes», a súa sensibilidade espertárase, «poniéndola en condiciones para que en lo futuro pueda surgir de su seno el ciudadano de la España progresiva». O emigrante se afai á tolerancia ó ter que conviver con relixións e culturas diferentes; igualmente, ve «cómo viven los ciudadanos al amparo de las leyes que son igualmente efectivas para los grandes y para los pequeños, y ante las arbitrariedades cometidas con sus coterráneos, manifiesta

<sup>7</sup> J.A. DURAN, «La parroquia de acá y de acolá en la Galicia tradicional», en *Indianos...*, N<sup>o</sup> monográfico de *Los Cuadernos del Norte*, n<sup>o</sup> 2 (1982), 63-68.

<sup>8</sup> Vid. para o caso cubano C. NARANJO OROVIO, *Del campo a la bodega. Recuerdos de emigrantes gallegos en Cuba (siglo XX)*, Sada-A Coruña, 1988, 130-32; para o de Uruguai, P. CAGIAO VILA, *Participación económico-social de la inmigración gallega en Montevideo (1900-1970)*, Tese de Doutoramento, Univ. Complutense de Madrid, 1990, 268-69; unha consideración xeral en X.M. NÚÑEZ SEIXAS, *O galeguismo en América, 1879-1936*, Sada-A Coruña, 1992, 25-38.

<sup>9</sup> Xa D. VIDART, no seu clásico ensaio *Regionalismo y universalismo de la cultura gallega*, Montevideo, 1961, 189-91, describía o impacto producido polo paso da “aldea galega” á “cidade sulamericana”.



virilmente su indignación, y las voces de protesta [...] contribuyen al fin y al cabo a despertar el sentimiento de la justicia y de la equidad, y a dignificar a los degradados por el hábito de la resignación». Por todo iso, «El inmigrante de América es el que enseña con mayor aprovechamiento sociología práctica a sus coterráneos»<sup>10</sup>. En definitiva, o emigrante descobre un mundo urbano e de servizos, no que a mobilidade social ascendente é unha opción real (accesíbel, p.ex., para moitos dependentes de comercio que, despois dun tempo, poden aforrar e establecerse pola súa conta en determinados ramos), e para a que a ferramenta principal é posuír un certo grao de instrución: alfabetización e coñecementos prácticos. Esta toma de conciencia é a que leva ó emigrante galego nas dúas primeiras décadas do XX a fundar sociedades comarcais nas que, á parte dos fins de axuda mutua e recreo, aparecerá un máis definido: a *instrucción*. Daí o nome co que empezan a facerse coñecer: *sociedades de instrucción*.

As *sociedades de instrucción* son en realidade unha denominación xenérica para as sociedades de emigrantes de dimensión *microterritorial*,<sup>11</sup> e que reproducían, como xa temos apuntado, as unidades inferiores básicas de organización comunitaria galega: a parroquia e a bisbarra. Precedentes destas sociedades xa se rexistran na illa de Cuba, onde en 1887 se expresaba o propósito de fundar a primeira sociedade comarcal por parte de emigrantes da localidade de O Valadouro (Lugo), co obxectivo explícito de fomentar a agricultura e mailo progreso industrial na súa zona de orixe; tentativas semellantes rexistráronse entre os veciños de Betanzos en Buenos Aires no 1897 (endebén a sociedade, co nome de *Hijos de Betanzos*, non se constituíu ata 1905).<sup>12</sup> Nembargantes, o período de meirande proliferación de sociedades microterritoriais

coincidiu co de maior intensidade do fenómeno emigratorio dende Galicia cara a América, é dicir, basicamente as dúas primeiras décadas do século XX. A multiplicación de sociedades comarcais/parroquiais galegas tanto en Buenos Aires como na Habana (e, en moita menor medida, en Montevideo), foi así mesmo coadxuvada por varios factores: entre outros, a existencia, en Buenos Aires dende 1907, na Habana e Montevideo dende 1879 de xeito ininterrompido, de organizacións *macroterritoriais* que tendían a cubri-las necesidades máis perentorias do inmigrante (mutualidade, asistencia benéfica, protección): tales eran os casos do Centro Gallego da Habana, do Centro Gallego de Montevideo (e da Casa de Galicia da mesma cidade, após 1917), ou das mesmas entidades benéficas de acado hispánico (p.ex., a *Sociedad Española de Beneficencia*, e maila *Asociación Española de Socorros Mutuos* en Buenos Aires, dende mediados do século XIX).<sup>13</sup> O emigrante galego, deste xeito, vía cubertas parte das súas necesidades polo tecido asociativo macroterritorial (galego ou español), e polo tanto había lugar á reprodución de eles comunais máis estreitos de cáste local. A frecuencia das idas e vindas, o mantemento das cadeas migratorias (mediante as “chamadas” a parentes e veciños a América para ocupar postos de traballo, etc.), eran factores adicionais que contribuían á aparición das sociedades microterritoriais.

Do punto de vista da súa fundación e evolución, estas sociedades microterritoriais, con todo, presentan características moi diversas. Algunhas delas semellaban ter orixe, claramente, en montepíos obreiros de base étnica, en estreita relación co trasvase de formas asociativas populares rurais e semi-urbanas dende Galicia, enfortecidas mediante o contacto co movemento obreiro cubano, uruguaio ou arxentino<sup>14</sup>; coñecemos así varios casos de

<sup>10</sup> J.R. CARRACIDO, «El inmigrante», *Almanaque Gallego para 1905*, Buenos Aires, 1905, 46-48.

<sup>11</sup> Segundo a terminoloxía acuñada por V. PEÑA SNAVEDRA, *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar. La impronta educativa de la emigración transoceánica en Galicia*, Santiago de Compostela, 1991, vol. I, 355-88.

<sup>12</sup> Ivi, 382-83.

<sup>13</sup> Vid. A.E. FERNÁNDEZ, «Patria y cultura. Aspectos de la acción de la élite española en Buenos Aires (1890-1920)», *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, n.6-7 (1987), 25-46.

<sup>14</sup> Coñecemos aínda pouco verbo da participación dos inmigrantes galegos, e españois en xeral, no movemento obreiro latinoamericano: vid. algúns apontamentos para Uruguaí en C. ZUBILLAGA BARRERA, «La inmigración

sociedades de instrucción que nacieron co apoio do Partido Socialista arxentino, utilizando os locais déste, e que contaban entre os seus obxectivos non soamente a dotación de escolas laicas ós seus lugares de orixe, senón tamén a construción de "Casas do Pobo" de inspiración socialista (tal foi o caso da *Unión Provincial Orensana*, fundada no 1913 co primixenio nome de *Obreros orensanos-5 de julio 1895*,<sup>15</sup> ou da *Unión Progresista de Salvatierra de Miño*, creada no 1921).<sup>16</sup> Pero non é factíbel afirmar que ésta fose a tónica xeral das sociedades comarcais de instrucción. A maioría delas apresentaban un ideario político-social bastante máis moderado, vencellado diante todo cun proxecto democrático-progresista de imprecisas contornas, que nun principio se manifestaba primordialmente a niveis microterritoriais (é dicir, interesado en cuestións sociais e políticas propias do seu concello ou partido xudicial), e en xeral definíbel como *anticaciquil*. Non fallan autores, en concreto, que teñen considerado que o conxunto de iniciativas de diverso signo levadas a cabo polos emigrantes non rebordaba un ámbito de actuación local, sendo difícil de detectar a existencia dun proxecto *global* para Galicia.<sup>17</sup> Atal afirmación,

nembargantes, só sería aplicábel para determinado tipo de iniciativas (as económicas, obras públicas, etc.), pero non tanto para as *socio-políticas*, xa que neste caso si que se aprecia un proceso de coordinación de esforzos que comezaran de maneira multiplicada e dispersa, e de elaboración dun certo proxecto común, sobre todo a partires de 1912/15. Na conformación dese proxecto común a nivel macroterritorial galego xogaron un papel fundamental tanto as propias élites intelectuais e políticas dos emigrantes (é dicir, os *líderes étnicos* das comunidades galegas na América) coma o influxo e proxección, a diferentes niveis (local ou territorial), dos movementos socio-políticos actuantes en Galicia de carácter anticaciquil. É máis, na propia fundación das *sociedades de instrucción* na América, moitas veces son as élites politizadas as que xogan un papel promotor e aglutinador, e as que fornecen dun maior contido socio-político explícito ás sociedades de emigrantes. En Buenos Aires, p.ex., éste é o caso da actividade incansábel de propagandistas e directores de periódicos comprometidos co movemento agrarista, como podía ser p.ex. Fortunato Cruces.<sup>18</sup> Serán estes cadros dirixentes da colectividade galega,

galega y los orígenes del sindicalismo uruguayo», *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, n.9 (1988), 179-98; unha perspectiva xeral en *id.*, «Participación política. Bases para su estudio», en VV.AA., *Historia general de la emigración española a Iberoamérica*, Madrid, 1992, vol.I, 360-87.

<sup>15</sup> Vid. «Unión Provincial Orensana. Su origen y desenvolvimiento 1913-1937», *Galicia*, Buenos Aires, 27.8.1937. Os fundadores da sociedade, «guiados por un bello gesto de democracia al aspirar a implantar en España un régimen de Igualdad, Libertad y Fraternidad» se reuniron no Centro Socialista de Buenos Aires (situado entón na rúa México 2070), e estipulaba entre os seus fins reunir fondos para a edificación da Casa do Pobo de Ourense, e axudar así mesmo ó sostemento da *Escuela Laica Neutral* que funcionaba na dita cidade, colaborando para iso coa Unión Provincial Orensana xa existente na Habana. No 1917, a sociedade cambiou o seu nome polo de *Unión Democrática Orensana*, «nombre más en consonancia con el espíritu libre de sus fundadores», aumentando en grande número a súa militancia, e instituiu servizos de mutualidade entre os seus asociados. No 1921, a entidade, acorde con ese crecemento, resolveu ampliar o seu radio de acción e influencia a toda a provincia de Ourense, pasando a adoptar-la definitiva denominación de *Unión Provincial Orensana*, mantendo como fins «luchar contra los opresores del suelo Patrio (...) para desarrollar sus fuerzas en forma solidaria preparando su emancipación y contribuir por todos los medios a su alcance a la libertad del Pueblo productor de la Provincia de Orense». Sobre o labor educativo desta sociedade en Ourense, vid. X.M. CID FERNANDEZ, *Apuntes da nosa historia escolar*, Ourense, 1989, 13-16.

<sup>16</sup> O grande promotor da iniciativa foi, curiosamente, un emigrante de éxito que xa no 1919 posuía unha compañía comercial, Manuel Puente, o que evidenciaba que o comportamento sociopolítico dos emigrantes galegos non tiña por qué se-lo mesmo na América que en Galicia. Vid. R. PUENTE, «Manuel Puente, a biografía dun mecenas das ideas galeguistas na emigración», *A Nosa Terra*, n.460, 11.1.1991, p.22.

<sup>17</sup> Caso de J.A. DURAN, «La parroquia...», *cit.*, p. 49.

<sup>18</sup> Fortunato Cruces (Lestrove 1870-Buenos Aires 1961), xornalista e escritor en lingua galega, emigrou por primeira vez á Arxentina no 1885, desempeñando varios oficios en periódicos e comercios, ata que entrou na escribanía dun avogado arxentino; fundou en Rosario no 1888 a *Sociedad Hijos de Rois*, colaborou en varios periódicos arxentinos e fundou en 1895 o Centro Galaico de Barracas al Norte (cuxas notificacións oficiais



2.- A sociedade de instrucción "Hijos del Distrito de Arbo" na Habana.

como veremos, os que comezarán a concibir proxectos de federación a nivel galego das diversas sociedades comarcais e de instrucción, co obxectivo precisamente de coordina-la súa actuación e dotar de meirande profundidade á influencia da Galicia "de alén mar" sobre a europea.

Todo un enxame de pequenas sociedades comarcais e locais xurdirán, pois, en Buenos Aires, La Habana e Montevideo entre 1900 e 1931, cun período de máxima intensidade global entre 1907-1925. O número de sociedades deste tipo é, nembargantes, difícil de establecer con precisión, en parte debido á certa inestabilidade e breve vida de varias delas, asemade ás frecuentes fusións: os cálculos máis fiábeis elevan o seu número a 200 en Buenos Aires en 1923; para Cuba, de 20 en 1910 pasaríase a 84 en 1922 e 104 (99 delas domiciliadas na Habana) en 1923,<sup>19</sup> mentres para Montevideo a penas contamos con datos (en todo caso, na

capital uruguaia o número de entidades microterritoriais era moito menor, en parte pola menor dimensión da colonia galega, e tamén porque a existencia de dúas grandes entidades macroterritoriais -Centro Gallego e Casa de Galicia, dende 1917- absorbía boa parte das enerxías asociativas da colectividade).<sup>20</sup> É moito máis difícil, pola falla de estatísticas axeitadas, achegarnos ó nivel de implantamento que estas formas asociativas microterritoriais acadaron entre os seus connaturais ou convencións emigrados na América, aínda que podemos supoñer que foi no mellor dos casos dun 50%: no exemplo coñecido da sociedade *Unión Barcallesa* da Habana, ésta agruparía en 1911, segundo os seus propios datos, a un 53,10% dos naturais do Partido Xudicial de Barcala residentes na capital cubana (excluíndo do cálculo ós naturais das parroquias de A Baña e Liñaio, que contaban coas súas propias sociedades de ámbito parroquial na Habana, polo que a penas

redactaba en galego) xunto con I. Pájaro Nieves. Colaboraba tamén na revista *Eco de Galicia* de Castro López, *Páginas de España* e outros. No 1898 fundou o *Correo de Galicia* xunto con J. González Montenegro e A. Paredes Rey, e desempeñou a súa redacción ata 1900. - ano seguinte (1901) funda un periódico enteiramente da súa dirección, *Nova Galicia*, que habería durar ata 1940.

<sup>19</sup> Segundo o relato de M.F. DIEGUEZ, «La instrucción y la emigración», *El Regionalista*, Chantada, n.15, 8.4.1923, p.5.

<sup>20</sup> Vid. PEÑA SAAVEDRA, op.cit., vol.I, p.385; NUÑEZ SEIXAS, op.cit., p.30.

se asociaban na de ámbito comarcal).<sup>21</sup> Isto demostra ata qué ponto os tecidos asociativos eran concéntricos, mais en moitas ocasións tamén excluíntes; e así mesmo o relativamente alto grao de coesión comunitaria conquerido polas sociedades de instrución entre os seus conveciños presentes na América.

A fundación de escolas nos seus lugares de orixe foi a principal finalidade destas sociedades, que se plasmou abondosamente: entre 1900-1936, foron fundadas máis de 200 escolas primarias en parroquias e aldeas de Galicia gracias ó financiamento das sociedades de instrución, aínda que se contabilizamos o número de escolas que foron tamén dotadas de material pedagóxico, etc., ou de aulas adicionais, a cantidade total sería aínda meirande.<sup>22</sup> Xeograficamente, concentrábanse sobre todo en tres zonas: a costa Norte de Galicia dende A Coruña ata Ribadeo, comprendendo todo o Norte da provincia de Lugo e mailo NE da de Coruña; unha franxa da Galicia central que se estendía dende Negreira ata Ourense; e maila rexión do Baixo Miño.

A fundación e dotación de escolas nos seus lugares de orixe constituía de seu unha finalidade primordial na actividade das sociedades de instrución e comarcais que se multiplicaban na Galicia de alén mar. Ora ben, ése non era o único obxectivo, ou en todo caso non sempre era un obxectivo carente de connotacións socio-políticas máis amplas. E ó mesmo tempo, tamén xogaban un papel relevante os fins mutualistas, se ben éstos irán perdendo importancia consonte as grandes institucións mutualistas (Centros Gallegos) se asentem e desenvolvan. Nalgunhas sociedades, como a *Sociedad Cultural Residentes del Ayuntamiento de Geve*, fundada no 1922 en Buenos Aires, o propósito inicial fora o de estreitar vencellos entre os residentes de Xeve na Arxentina e

contribuir á creación dunha escola de Artes e Oficios en Xeve na que puidesen adquirir unha axeitada cualificación profesional os futuros emigrantes; aínda que non conseguiu crear esa escola, si que contribuiu á fundación de varias escolas primarias no seu concello de orixe, e máis tarde promoveu (coordenando esforzos dos naturais de Xeve de EE.UU., do Brasil e do Uruguai) a instalación da luz eléctrica no seu lugar de orixe; unha vez cumpridos eses obxectivos, e para asegura-lo recordo dos emigrados na Arxentina, acordou reformar os seus primitivos estatutos, dándolle un carácter máis mutualista. En máis dun caso, invocábase explicitamente a apelación ó "progreso" e modernización das vilas e aldeas de Galicia: como rezaba a declaración de intencións da *Sociedad Residentes de Calo en Sud-América*, fundada en Buenos Aires en 1907, os seus fins eran «constituir una organización social capaz de reunir en su seno a los residentes de Calo que desearan contribuir al progreso de su pueblo y a la vez protegerse ellos mismos en el exilio».<sup>23</sup> Ese progreso era normalmente concibido en termos un tanto xerais e vagos, que non sempre deixaban traslucir explicitamente aliñamentos políticos: así, mesmo no caso da *Sociedad Unión Progresista del Distrito de Salvatierra de Miño en Buenos Aires*, fundada no 1921, o seu socialismo transmútase nunha finalidade de «vencer los tantos obstáculos que en la vida moderna se presentan, convencidos que todo esfuerzo individual es estéril, y animados de la mejor voluntad (...) para contribuir moral y materialmente al progreso del Distrito, animando con ideas, iniciativas y dinero a los hombres honrados que allá luchan agobiados por las innumerables y poco equitativas gabelas que día a día ven aumentar sin consideración de ningún género».<sup>24</sup> A *Sociedad Residentes del Municipio de Riobarba*, esgazada en 1927 do Centro

<sup>21</sup> Os datos extraírense da memoria anual da *Unión Barcalesa* da Habana correspondente a 1912. Cit. en A. LIÑARES GIRAUT, *O Val do Barcala 1900-1936. Agrarismo, vida política, emigración e cultura*, Santiago de Compostela, 1986, p. 249.

<sup>22</sup> Algúns autores falan dun mínimo de 319 escolas creadas ou dotadas polos emigrantes entre 1900 e 1936 (A. COSTA, «As sociedades dos "americanos" e a educación en Galicia», *Revista da Comisión Galega do Quinto Centenario*, n.5 (1989), 89-139); outros contabilizan máis pormenorizadamente un total de 225 centros e 326 aulas construídas gracias ós emigrantes: vid. PEÑA SAAVEDRA, op.cit., vol.II, 25-50.

<sup>23</sup> «Sociedad de R. de Calo en Sud-América. 1907-su 25 aniversario- 1932», *Unión de Teo y Vedra*, Buenos Aires, n.271, diciembre 1932, p.1.

<sup>24</sup> Vid. «Sociedad Unión Progresista del Distrito de Salvatierra de Miño en Buenos Aires. Síntesis estadística de

Vivariense de Buenos Aires, declaraba como obxectivos a realización dun labor de capacitación cidadá para a loita contra do caciquismo «y contra todos los enemigos del pueblo gallego» dende unha «visión moderna de la función societaria». O exemplo se cadra máis requintado desa politización consciente dos obxectivos fundadores ofréceo a sociedade *Unión del Partido de Lalín* de Buenos Aires, fundada en 1921 a iniciativa de varios lalineses opostos ó «régimen imperante en España [...] régimen de caciquismo y por ende de oscurantismo», e que tiñan a vontade de axir «en pro de la emancipación política, social y económica de nuestros paisanos de la comarca, ya fuese por medio de la instrucción de los niños, creando escuelas laicas netamente gratuitas o ya fuese colaborando con las Sociedades Agrarias de carácter liberal existentes en el Distrito, lo mismo que propender a crear otras con dicho carácter»; na súa declaración de principios expoñíase que os agricultores e traballadores do Partido xudicial de Lalín eran explotados polos gobernantes locais, que dispuñan de tódolos resortes gubernativos para defender os seus privilexos e apropiarse da maior parte do que producían os traballadores do campo, e a esa situación contribuía a ineptitude e rapacidade da clase gobernante e a ignorancia dos “produtores rurais” debido á falla de organización e instrución; polo tanto atal situación perduraría mentres a clase gobernante conservase a súa liberdade de acción facendo da escola un instrumento de submisión: a denominada -na onda socialreformista do rexeneracionismo- “clase productora” había defender os seus intereses inmediatos; e para iso, a *Unión del Partido de Lalín* establecía un amplo programa de acción, no que figuraba:

«1. *Auxiliar y fomentar sociedades agrarias y culturales y cooperativas agrícolas.*

2. *Auxiliar, fomentar y crear escuelas profesionales de ambos sexos, nocturnas y dominicales para adultos.*

3. *Cultivar y difundir el espíritu de asociación entre todos los conterráneos.*

4. *Establecer relaciones con todas las sociedades que persiguen los mismos fines que ésta, tanto del país como de Galicia.*

5. *Adquirir y construir edificios para escuelas y sociedades agrarias, crear y auxiliar bibliotecas populares; organizar cursos y conferencias para enseñar materias especiales.*

6. *Establecer asociaciones y comités en donde se estime conveniente a los fines de la propaganda y organización de las sociedades agrarias y culturales.*

7. *Proteger a sus asociados de acuerdo con los medios que se dispongan para tal objeto»<sup>25</sup>*

A sociedade *Residentes de Porriño* de Buenos Aires, fundada no 1923 a partires dunha esgazadura da sociedade *Fomento de Porriño*, establecía tamén entre os seus fins a mutualidade entre os seus asociados (art. 7), a fundación de sociedades agrarias e culturais no Distrito de Porriño (art. 24), e combater os malos gobernos municipais e os malos escolantes no Distrito para busca-lo melloramento da instrucción primaria. Nalgunhas sociedades, igualmente, tiñan presenza postulados de natureza explicitamente socialista: á parte dos casos mentados da *Unión Provincial Orensana* ou da *Unión Progresista del Distrito de Salvatierra de Miño* de Buenos Aires, poderíase salientar a sociedade *Hijos del Ayuntamiento de Poyo*, fundada no 1916 en Buenos Aires, cuxa actuación orientouse á axuda mutua entre os seus asociados e á loita contra do caciquismo en Poio, «mediante la organización del campesino y su capacitación social por medio de una cultura sana y con miras al colectivismo socialista», axindo en acordo coa *Sociedad de Agricultores “La Rendición”* de Poio dende 1919 e apoiando ó líder desta, Dionisio Quintillán (próximo ós socialistas pontevedreses), na súa loita abolicionista contra dos foros, cofinanciando o periódico mensual dos agraristas de Poio; do mesmo xeito, a sociedade bonaerense tiña o propósito de coadxuvar á fundación de escolas racionalistas en Poio, mais ese propósito non puido ser levado a cabo en toda a súa amplitude debido ás urxencias da loita anticaciquil.<sup>26</sup>

la acción desarrollada por esta entidad», *Galicia*, Buenos Aires, 8.4.1937.

<sup>25</sup> Datos fornecidos polo periódico *Galicia*, Buenos Aires, 26.9.1937.

<sup>26</sup> Vid. «Soc. Hijos del Ayto. de Poyo. Durante 21 años de existencia nuestra sociedad realiza una intensa labor

As sociedades fundadas despois de 1923 presentan, polo menos en Buenos Aires, un meirante grao de politización: velaí o caso da sociedade *El Despertar* de Palas de Rei, Monterroso e Antas de Ulla, fundada no maio de 1925 por naturais deses concellos residentes na capital arxentina cunha clara impronta antidictatorial: o lema da sociedade foi «Cultura, traballo, solidariedade e xustiza social», cun programa de acción consistente sobre todo na difusión en Galicia de propaganda democrática, contribuír no posíbel ó establecemento de cooperativas, e tomar contacto con centros culturais e obreiros arxentinos ou galegos.<sup>27</sup>

Outras sociedades limitábanse en principio, e sobre todo denantes de 1920, a fins máis relacionados coa axuda á modernización da agricultura nas súas bisbarras de orixe, reunindo fondos para axudaren ós sindicatos agrarios: velaí o caso, p.ex., da *Sociedad Hijos del Partido Judicial de la Cañiza* de Buenos Aires, fundada no 1913 tendo como finalidade «la protección a la agricultura, el seguro ganadero y la repatriación», endebén no decurso da súa historia sufriu unha esgazadura en 1932 que deu lugar á máis politizada *Unión de los Hijos del Ayuntamiento de la Cañiza*, a cal aínda no 1937 non completara a elaboración dunha carta orgánica que «contemple máis amplamente las necesidades de sus asociados, teniendo en cuenta el medio ambiente en que se desarrollan nuestras actividades».<sup>28</sup> A *Sociedad Hijos de Silleda* de Buenos Aires, fundada en 1908, á parte do fin de dotar de escolas ó seu concello de orixe, propoñíase tamén explicitamente loitar contra do caciquismo mediante manifestos e publicacións que exhortasen ós seus conveciños en Galicia a «votar libremente», e fomentar nas súas ringleiras o «sentimiento patriótico y el amor a la cultura».<sup>29</sup> Pola súa banda, a sociedade agraria *Juventud Naturales de Berres pro-*

*Casa Escuela y Cooperación* de Buenos Aires, fundada no 1923, declaraba como propósitos «emancipar a los vecinos de nuestra parroquia y limitrofes combatiendo la usura y explotación de que en la actualidad son objeto, para lo que se adoptará como medio el de la cooperación», sendo o mellor vehículo para conquistar aqueles fins «fomentar la instrucción y la cultura del pueblo»; para iso, propoñíase axir de acordo co Sindicato agrícola de Berres a fin de fundar unha escola e un edificio social propio para o Sindicato agrícola e para os veciños da freguesía.<sup>30</sup>

Aínda que as finalidades varían un tanto, como vemos, basicamente se cinguen a tres coordenadas, máis ou menos acentuadas segundo os casos: a) axir como sociedade mutualista e protectora dos asociados, en base a un elo de solidariedade local, e como complemento fomenta-la cultura dos mesmos (mediante a dotación de bibliotecas, p.ex.); b) O fomento e apoio á instrucción primaria nos seus lugares de orixe, mediante o apoio financeiro á construción e dotación de establecementos escolares; complementariamente, situábanse fins como o fomento do progreso agrícola (seguros de gando, introducción de novas técnicas, etc.)<sup>31</sup>; c) O apoio a iniciativas de tipo político a nivel local e, máis tarde, territorial galego, que tendesen a unha rexeneración da vida política, eliminando o poder dos caciques mediante a mobilización e concienciación política do campesiñado, favorecendo a democratización do sistema político, a transparencia da xestión e o que se denominaba “progreso moral y material”, rúbrica baixo a que se podía agachar unha ampla gama de plantexamentos políticos.

Os dous últimos obxectivos estaban, en todo caso, altamente interrelacionados. Os contidos pedagóxicos que informaban o tipo de ensino impartido nas escolas de “americanos” en

de ayuda mutua y capacitación cultural, interpretando en todo momento el espíritu galleguista y principios sociales de nuestra Federación», *Galicia*, Buenos Aires, 8.4.1937.

<sup>27</sup> «Soc. “El Despertar” de Palas de Rey, Monterroso y Antas de Ulla», *Galicia*, 22.8.1937, p.8.

<sup>28</sup> Vid. «Soc. Unión de los Hijos del Ayto. de la Cañiza. Reseña histórica», *Galicia*, Buenos Aires, 22.8.1937, p.8.

<sup>29</sup> «Sociedad Hijos de Silleda», *Galicia*, Buenos Aires, 29.8.1937, p.8.

<sup>30</sup> *El Emigrado* [EE], n.87, 7.4.1923, p. 2.

<sup>31</sup> Sobre este aspecto, vid. algunhas indicacións en L. FERNANDEZ PRIETO, *Labregos con ciencia. Estado e sociedade no proceso de renovación tecnolóxica da agricultura galega (1850-1936)*, Vigo, 1992, 161-98.





3.- Festa celebrada pola sociedade "Hijos de Vincios Unidos" no ano 1935 en Buenos Aires.

Galicia presentaban en xeral indubidábeis elementos de progreso, e perseguían en derradeira instancia formaren cidadáns cultos e capacitados para seren *libres*, futuro piar da democracia política. Ténse idealizado moitas veces en exceso, nembargantes, o contido socio-político implícito do ensino impartido nas escolas de americanos; aínda que non existe un patrón común e unificado de actuación, é posíbel afirmar que, de xeito xeral, os emigrados concibiron un proxecto pedagóxico aberto e anovador para o seu tempo, que se plantexaba á vez como un proxecto alternativo (mais non oposto) á escola estatal e como un modelo axeitado ás necesidades do campo galego: unha escola rural que capacitase ós individuos que as frecuentasen quér

para emigrar, quér para adicarse á agricultura e a gandería. É dicir, unha educación orientada cara ó futuro, que fiaba na súa función rexeneradora do corpo social, inspirada nas correntes pedagóxicas máis actuais do seu tempo, e o máis alonxada posíbel de sectarismos e dogmatismos.<sup>32</sup> Iso non quere dicir que o proxecto pedagóxico fose sempre laico, p.ex.: éste podía se-lo caso dalgunhas sociedades, mais non de moitas outras que compatibilizaban un ideario rexeneracionista e anticaciquil no socio-político cun respecto certo das convencións (e conviccións) relixiosas.<sup>33</sup> As críticas cara ó proxecto educativo dos indianos tampouco non fallaron, e proviñan ademais de diversas direccións: se os sectores máis conservadores e

<sup>32</sup> Vid. PEÑA SAAVEDRA, op.cit., vol.I, 536-44.

<sup>33</sup> A título de exemplo, lembraremos o chamamento que o presidente da *Unión de San Simón y Saramago* da Habana fai chegar ós seus conveciños no marzo de 1915, tentando contrarrestarlas opinións contrarias dalgúns deles á escola que a sociedade proxectaba construír na súa parroquia natal e que a tachaban de «laica o masónica, non dándose cuenta de la ofensa que infieren, con suponer tal cosa, a los numerosos hijos de esa tierra que laboramos en esta tan lejana por el engrandecimiento de la nuestra y la cultura de sus hijos». Afirma así explicitamente que ningún dos emigrantes «se ha olvidado de la religión que sus padres le inculcaron, y ninguno de nosotros olvida tampoco la iglesia en donde nuestras madres nos enseñaron a rezar, ni el camposanto donde reposan las reliquias de nuestros mayores», polo que tampouco non ían fundar unha escola laica; o que non empezía que ésta contribuíse a «que albroee pronto el día de la resurrección de Galicia». Vid. *El Ratón [ER]*, Vilalba, n.69, 21.3.1915, p.1.

tradicionalistas temían que as escolas de “americanos” difundisen pouco menos que a revolución e contribuisen á desaparición da relixiosidade e valores tradicionais, dende outras posicións políticas acusábaselles de fomentar un ensino desgaleguizador (pola pouco frecuente introducción de materias relacionadas coa Historia, Literatura e Idioma propios de Galicia nos planos de estudo) e que máis ben contribuía a preparar futuros emigrantes, no canto de capacitar ós xoves para laboraren polo progreso efectivo do seu país.<sup>34</sup> Certamente, tales críticas estaban en parte xustificadas, xa que varias sociedades de emigrados facían mención *explícita* da necesidade da instrución para que os  *futuros emigrantes* encontrasen mellores oportunidades na América e puidesen contribuir máis eficazmente, en contrapartida, ó progreso material de Galicia e ó propio prestixio social dos emigrantes galegos nos países de acollida. Posición que, en todo caso, é máis realista que outra cousa, e non é xeneralizábel a todas as sociedades de instrución.<sup>35</sup>

O proxecto educativo dos emigrantes abeiraba, pois, un propósito dinamizador no social, endeben en liñas xerais non desexaba subvertir ou cambiar radicalmente as relacións de produción existentes no mundo rural galego, fóra dalgúns casos máis excepcionais. Se as sociedades de instrución foron acomodando o seu programa e mailas súas liñas de actuación a directrices máis explicitamente políticas e socialmente máis avanzadas, isto foi así sobre todo gracias á influencia das élites das comunidades emigradas e dos movementos políticos que se desenvolvían en Galicia (e España), asemade en menor medida o influxo que a súa propia participación en actividades político-sindicais na América introducía nos inmigrantes. Nun comezo, porén, os fins expresados adoitaban ser bastante imprecisos: unha das primeiras

sociedades de instrución galegas en Buenos Aires, a *Unión Hispano-Americana Pro-Valle Miñor*, espregaba así no 1908 a indefinición dos seus obxectivos últimos:

«Con la noble idea de los miñoranos, con su generoso propósito se va a algo muy grande moral, material, ó lo que fuere. Aún siendo sueños, aún siendo fantasías, elevan el espíritu, y algo quedará. Hagan igual los gallegos en todas partes, y verán que, sean ellos, sean sus ideas, harán algo o encarnarán en algo que traerá la resurrección de Galicia.»<sup>36</sup>

Con anterioridade a 1900, xa as élites intelectuais da emigración galega elaboraran, de maneira ás veces confusa, un proxecto socio-político en grandes liñas, vencellado en máis dun aspecto ó rexionalismo liberal actuante en Galicia, e que poñía o acento en aspectos non tanto ideolóxico-políticos concretos como máis xenéricos, que ensalzaban a necesidade de progreso, a superación da situación de “postración histórica” de Galicia, e maila esperanza en que as colectividade de emigrados puidesen contribuir a anovar Galicia. Ese proxecto concibíase como *interclasista*, baseado na formación moral, material e cultural do cidadán galego, e superador dos atrancos que se opoñían á consolidación dunha auténtica democracia política no país. Non en ván foron os primeiros teorizadores desta mensaxe intelectuais e xornalistas como Waldo Alvarez Insúa e Curros Enriquez (La Habana), Manuel Barros, Cisneros Luces, Castro López ou J.M. Cao Luaces (Buenos Aires), entre outros, a maioría deles exilados políticos republicanos que abandoaron España tralo fracaso da I República (1873) e o reimplantamento do sistema da Restauración borbónica, e que ademais de cumpriren unha función catalizadora do asociacionismo galego na América,<sup>37</sup>

<sup>34</sup> Especialmente incisivas foron as críticas dos nacionalistas: vid. NUÑEZ SEIXAS, «Actitudes...», cit., 214-15.

<sup>35</sup> Os exemplos de posicionamentos explícitos por parte das sociedades de instrución sobre a función preparatoria das escolas sostidas por elas para os futuros emigrantes son numerosos: J.J. Castilla, no nome da *Unión de San Simón y Saramago* da Habana, define no 1915 a escola que os habaneiros están a financiar na súa parroquia: «obra meritorísima con que los hijos pagan a la tierra ingrata las injurias que les impulsaron a emigrar sin contar con las luces intelectuales que ellos buscan para sus hermanos, compañeros de emigración de mañana, redimidos por ellos de la esclavitud de la ignorancia» (J.J. CASTILLA, «Unión de San Simón y Saramago», *ER* (Vilalba), n.67, 21.2.1915, p.1).

<sup>36</sup> F. VÁZQUEZ CORES, «Pro Valle Miñor», *Almanaque Gallego para 1908*, Buenos Aires, 1908, 94-96.

<sup>37</sup> Vid. NUÑEZ SEIXAS, *O galeguismo*, cit., 74-85.

difundiron mediante periódicos e revistas unha serie de ideas que, aínda que non sempre moi artelladas -pois buscaban diante todo apelar ó substrato común de “galegos” da comunidade inmigrada, por riba doutro tipo de diferencias-, apuntaban na dirección da necesidade de *rexerar* política, social, cultural e economicamente o país. Partían dunha denuncia da situación de atraso e decadencia de Galicia, que obrigaba ós seus habitantes a emigraren e a sufriren na América un grande desprezo social, para establecer unha xerarquización das causas que mantiñan a Galicia en tan penosa situación: basicamente, culpaban dela á ineficiente xestión dos poderes públicos, excesivamente centralistas e que afogaban a capacidade de desenvolvemento das instancias municipais e rexionais; factor mediato dese poder central que, “absorbía” as enerxías do país eran os seus axentes indirectos en Galicia, é dicir: o clero, os usureiros, os perceptores de rendas forais, os elevados impostos indirectos e directos que gravaban inxustamente ás clases máis populares (os *consumos*, a contribución) e, sobre todo, o caciquismo, verdadeiro opresor dos cidadáns galegos.<sup>38</sup> Daí que unha solución para rematar cun estado de cousas que mantiña *maniatadas* as potencialidades económicas de Galicia fose unha autonomía rexional que comezase polo

seu nivel máis baixo, o municipal, e que se non baseaba tanto en consideracións histórico-culturais (é dicir, en base a uns dereitos inmanentes de Galicia por si ó autogoberno) como utilitarias, para facilitar o exercicio da democracia política dentro da unidade da España.<sup>39</sup> A fe na anovación de Galicia, nembargantes, era cifrada na promoción individual dos seus habitantes, ademais de na reforma da administración, que os capacitaría para seren bós *ciudadáns*, e permitiríalles ceibarse da titela do caciquismo: dado que os emigrados tiñan pouca fe na forza do “espírito colectivo” dos seus coterráns en Galicia, na virtualidade da propaganda política directa debido á xulgada pasividade do campesiñado, era precisa como primeiro paso a instrución deste para facelo coñecedor dos «derechos y deberes cívicos y sociales, así como la eficacia de la asociación de fuerzas vivas para llevar a cabo las grandes obras negadas al esfuerzo individual y aislado»<sup>40</sup>.

Este corpus ideolóxico constituía de feito un campo adubado para que sobre el incidise de maneira notoria a comezos do século XX un movemento ideolóxico-político tipicamente hispánico: o *rexeneracionismo*. Éste, difundido por propagandistas e pensadores como Joaquín Costa, Macías Picavea ou Rafael Altamira, se

<sup>38</sup> Por poñer un exemplo, vid. W. ALVAREZ INSÚA, «Cuestión grave», *El Eco de Galicia*, La Habana, n.239, 23.1.1887, p.1.: «El foro, el consumo municipal y provincial, la contribución territorial, la quinta y el caciquismo con todas sus miserias y podredumbres, imperan allí [en Galicia] con señorío bestial, y a su fatídica influencia acábanse todas las fuerzas productoras, agótanse todos los veneros de riqueza y esterilizanse cuantos pensamientos salvadores llegan a surgir».

<sup>39</sup> Vid. p.ex. W. ALVAREZ INSÚA, *Ecos de mi patria*, A Coruña, 1891, 115-16: «La causa del malestar general, de la miseria que envuelve a los españoles, y de la emigración que se realiza, depende precisamente de la absorción del poder central. Déjese respirar a la provincia, sin menoscabo de la unidad nacional, principio sagrado para todo regionalista de buena fe, concédase un poco de libertad al Municipio; sea un hecho la emisión del voto popular, y todo lo demás vendrá por añadidura». En 1904, F.Vázquez Cores, dende Montevideo, expresaba de xeito confuso ese autonomismo rexionalista: «Toda sociedad tiene el derecho de dictar las leyes que han de regirla, administrar su capital y disponer de lo que es suyo. En cambio, debe vivir de lo que tiene sin que ninguna otra sociedad esté obligada a darle nada. [...] Galicia no debe sacarse ni dejar sacar el pan de la boca pra alimentar hijos ajenos. ¿Qué queremos entonces? Queremos ser siempre españoles; queremos contribuir equitativamente a hacer una España honrada y feliz; queremos la autonomía de Galicia, es decir, la mayor libertad posible dentro de la unidad nacional» («Autonomía ¿ó...?», *Almanaque Gallego para 1904*, Buenos Aires, 1904, 55-56).

<sup>40</sup> F. MARTÍNEZ SANTRADÁN, «El caciquismo», *Almanaque Gallego para 1915*, Buenos Aires, 1915, 93-96. No mesmo senso, B. RODRÍGUEZ, «O cacique», *Almanaque Gallego para 1912*, Buenos Aires, 1912, 150-152: «Está visto que o caciquismo en Galicia é unha epidemia da que todos nos queixamos, pero que ás veces andamos atrás dela coma quen busca un cravo pra sacar oturo. ¿Quién ten a culpa de todo? A inorancia en que vivimos; o non coñecer os nosos dereitos; o non saber ceir pra atrás ós que se adiantan demasiado facendo un estropicio no alleo. Por eso hai que matinar en que se abran escolas onde se enseñe algo máis que o catecismo, con proveito, con conciencia, de modo que os rapaces entendan o que adeprenden».

estendeu por toda España especialmente trala derrota perante os Estados Unidos e a perda de Cuba e Puerto Rico en 1898, se ben as súas raíces intelectuais son algo anteriores. Con base diante todo na burguesía profesional e intelectual e nas clases medias, o rexeneracionismo era, en puridade, unha forma anovada de nacionalismo español que buscaba afondar na democratización do país e postulaba un amplo programa reformista que superase o estado de "postración", atraso e ineptitude do Estado da Restauración.<sup>41</sup> O rexeneracionismo era de seu unha ideoloxía de límites vagos e resumíbel nun proxecto populista, que podía influir, como de feito influíu, en moi diferentes correntes políticas posteriores (dende o republicanismo reformista ata o fascismo español), e entre outros proxectos ideolóxicos elaborou dende comezos do século XX unha anovada versión de *americanismo* ou hispanoamericanismo, que tentaba achar un vieiro de proxección española na América baseado na exportación e intercambio de modelos culturais, superando o desinterese mutuo entre as repúblicas sudamericanas e España que predominara con anterioridade.<sup>42</sup> Entre os devanceiros e alentadores dese hispanoamericanismo rexeneracionista salientarán diante todo Rafael María de Labra, republicano e fundador da Institución Libre de Enseñanza, e promotor así mesmo tanto da *Unión Iberoamericana* fundada en 1885 como da organización de Congresos Hispanoamericanos; o historiador e profesor da Universidade de Oviedo, Rafael Altamira, quen emprendeu unha viaxe de 10 meses por América e se converteu nun propagandista incansábel do hispanoamericanismo; e o xurista e sociólogo Adolfo Posada, quen formulou un programa

máis concreto de actuación hispanoamericana no terreo cultural e universitario.<sup>43</sup> Aínda que non denunciaban o fenómeno da emigración masiva, xa que o dereito de emigrar era para eles individual e inalienábel, e considerábano mesmo comenente para eleva-lo nivel de vida do país, do emigrante e ata para fomenta-lo intercambio amigábel entre os pobos, si postulaban a necesidade de que o Estado interviñese para garantir unhas condicións dignas e honrábeis para o emigrante, subscribindo tratados internacionais para a súa protección coas repúblicas americanas: é máis, tendíase a ver na emigración unha sorte de realización dun dereito cidadán que ademais podía troca-lo mal social en benestar individual, mediante un esforzo dignificador de quen o leva a cabo.<sup>44</sup> Precisamente, os hispanoamericanistas do rexeneracionismo van conferir un novo valor ás colectividades españolas da América: esa "rexeneración" ou dignificación individual do emigrante podía converter ás colectividades españolas alén mar en centros motores da anseada rexeneración da España. Rafael Altamira, así, afirmará que eses emigrantes eran a demostración máis palpábel de que a "alma española" aínda agachaba cualidades positivas:

*«Los que van a América, los que han consumido allí las fuerzas de su juventud, son la demostración viva de que todo español es capaz de las más altas actividades económicas y de que, cuando se encuentra en un medio favorable, vale tanto como cualquier hombre de cualquier raza. Son, por esto, a la vez, una contestación afirmativa y elocuente a la pregunta de si hay en el alma española condiciones fundamentales para la vida moderna, y un*

<sup>41</sup> Sobre o rexeneracionismo, vid. entre outros C. SERRANO/J. MAURICE, *Joaquín Costa: crisis de la Restauración y populismo (1875-1911)*, Madrid, 1977, e C. SERRANO, *Le Tour du Peuple. Crise nationale, mouvements populaires et populisme en Espagne (1890-1910)*, Madrid, 1987.

<sup>42</sup> Vid. F.B. PIKE, *Hispanismo 1898-1936. Spanish Conservatives and Liberals and their Relations with Spanish America*, Notre Dame, 1971; C.M. RAMA, *Historia de las relaciones culturales entre España y la América Latina. Siglo XIX*, México, 1982; J.C. PEREIRA CASTAÑARES, «España e Iberoamérica: un siglo de relaciones (1836-1936)», *Mélanges de la Casa de Velázquez*, XXVIII:3 (1992), 97-127.

<sup>43</sup> Vid. R. ALTAMIRA, *Mi viaje a América*, Madrid, 1911; id., *España y el programa americanista*, Madrid, 1917; A. POSADA, *América. Una campaña*, Madrid, 1912.

<sup>44</sup> Vid. as conclusións do I Congreso de Emigración, celebrado a iniciativa de R.M. de Labra en Santiago de Compostela no 1910: *Congreso de emigración celebrado por la iniciativa de la Sociedad Económica de Amigos del país y las Cámaras Agrícolas y de Comercio de Santiago de Galicia, en esta ciudad, en setiembre de 1909, bajo la presidencia de Rafael M<sup>o</sup> de Labra*, Madrid, 1910.

*argumento indiscutible de reivindicación de nuestro nombre, frente a la leyenda que en el extranjero todavía mantienen algunos. Por eso y por lo que luego, vueltos a la patria, reflejan de esas condiciones en nuestra vida nacional, yo los estimo y sostengo que son uno de los factores de nuestra regeneración.»*<sup>45</sup>

Un testemuño elocuente, segundo os rexeneracionistas, da “nova mentalidade” do emigrante español na América era precisamente a súa obra asociativa, que crían preciso había conxuntarse mediante unha federación eficaz das numerosas sociedades de ámbito rexional ou comarcal para poder levar a cabo o que Labra denominaba no 1911 a «futura campaña hispanoamericana»<sup>46</sup>, e que tamén fora solicitada por Adolfo Posada durante a súa viaxe por América.

Peza fundamental desa obra de rexeneración colectiva era, xa que logo, a rexeneración individual ó traveso da formación de novos cidadáns, idea subxacente ó pensamento educativo incluído no rexeneracionismo e que influíu sobremaneira no proxecto pedagóxico-político das sociedades de instrución galegas de América durante as dúas primeiras décadas deste século, influencia en parte determinada por tres factores: o ideario reformista e non revolucionario do rexeneracionismo; a súa mesma vaguidade e ó tempo amplitude de miras, que o facía ser susceptíbel de ser adoptado dende diversas posicións políticas de partida; e mailo feito de coincidir en boa medida co denanterio proxecto reformista dos líderes intelectuais das colectividade emigradas, asemade en parte tamén cos postulados do pensamento social galego e galeguista sobre a emigración. A todo isto

haberiase engadido a función mediadora dalgúns intelectuais - pedagogos galegos formados nas ideas do rexeneracionismo educativo e que, ó emigraren e se converteren alén mar en influíntes publicistas e líderes étnicos, propagaron na América o ideario, sobre todo, de Altamira.<sup>47</sup> A propia versatilidade ideolóxica do rexeneracionismo, ademais, implicaba outra consecuencia: que os seus postulados fosen parcialmente incorporados a formulacións políticas próximas ó rexionalismo ou nacionalismo galegos, como igualmente o foi de xeito decidido a apelación á función social rexeneradora e patriótica do emigrante, soamente que aplicándoa a un referente nacional diferente (Galicia, neste caso).<sup>48</sup>

Ese influxo se vai deixar sentir de maneira evidente nas élites intelectuais galegas que nos primeiros anos do século XX axen en boa parte como catalizadores e dinamizadores do proceso: será determinante a presenza na América de xornalistas e profesionais liberais emigrados que en Galicia se venciellaran a posicións republicanas,<sup>49</sup> caso do pedagogo Ignacio Ares de Parga en Buenos Aires, quen emigrou cara a 1910, anfitrión de Adolfo Posada na capital argentina; ou do antigo director do periódico ourensán *La República*, o avogado Julio Carballo Enriquez. A estes aportes hai que sumar antigos líderes e xornalistas xa presentes na América dende fins do XIX, e cuxa actividade oriéntase claramente cara a promoción do asociacionismo e do apoio á “redención” de Galicia por parte da Galicia de alén mar. Xunto diso, e como xa espuxemos noutro lugar, en boa parte destes propagandistas os tópicos do rexeneracionismo se combinan co republicanismo e os ecos da evolución do movemento galeguista en Europa, para dar lugar a unha sorte de

<sup>45</sup> Cit. por J.C. MAINER, *La doma de la quimera (Ensayos sobre nacionalismo y cultura en España)*, Barcelona, 1988, 123-24.

<sup>46</sup> Vid. R.M. DE LABRA, *El programa de la futura campaña hispanoamericana*, Madrid, 1911.

<sup>47</sup> Vid. PEÑA SAAVEDRA, op.cit., vol.I, 541-46. Algunhas sociedades de instrución mantiveron correspondencia directa con Altamira, aínda que o caso máis frecuente debeu ser o do influxo indirecto, á parte do propio eco das viaxes e campañas americanas de Labra, Posada ou Altamira. Algúns deses “mediadores” podían ser I.Ares de Parga, M. Vieito, F. Maciñeira, L. Pita-Sánchez Boado, etc. Sobre o modelo de rexeración “dende abaixo” implícito no proxecto educativo rexeneracionista, vid. tamén I.PALACIO LIS, *Rafael Altamira: un modelo de regeneracionismo educativo*, Alicante, 1986.

<sup>48</sup> Vid. NUÑEZ SEIXAS, «Actitudes...», cit. Un exemplo temperán será xa o folleto do líder nacionalista L.PORTEIRO GAREA, *A los gallegos emigrados*, A Coruña, 1918.

<sup>49</sup> Sobre a repercusión do neutralismo escolar republicano de influencia institucionista vid. CID FERNÁNDEZ, op.cit., 27-30, referido ó caso da provincia de Ourense.

síntese ideolóxico-política de grande virtualidade no futuro.<sup>50</sup> Un exemplo claro era o mesmo Ares de Parga, quen nunha conferencia en 1918 afirmaba que o rexionalismo galego posuía un carácter eminentemente *rexeneracionista*: sendo o problema fundamental de Galicia a extensión da cultura popular, aquél habería aspirar a unir a todos os galegos nun proxecto común de achegamento hispanoamericano, debendo imitarse na España tanto o modelo de organización escolar coma o modelo federal de organización territorial arxentino.<sup>51</sup>

Ora ben, a decidida evolución cara á politización *consciente* do difuso pensamento rexeneracionista -que á súa vez se concibía máis como *acción cívica* que como ideario político propiamente dito- acha un revulsivo fundamental, non soamente neses cadros políticos en parte procedente de Galicia, senón tamén na existencia de *partners* acaídos no país: o artellamento de movementos políticos opostos ó réxime da Restauración, e que aspiran á súa reforma. E isto ten lugar tanto ó nivel local/comarcal como a nivel de toda Galicia. De feito, ámbolos dous procesos semellan producirse simultaneamente, polo que é difícil establecer unha clara prelación: dende Galicia fomentábase a necesaria unificación de esforzos das sociedades galegas de América a todos os niveis, para conquistar un meirande grao de operatividade política.

## II. A INTERACCIÓN GALICIA-AMÉRICA NA POLÍTICA LOCAL. DOUS CASOS: VILALBA (1912-1915) E A ESTRADA (1920-1923)

Vexamos cómo ten lugar esa *interacción*, primeiramente a nivel local. O movemento agrarista, que impulsou a mobilización do

pequeno campesiñado galego dende fins do XIX en reivindicación da abolición do réxime foral (e así os labregos puídesen acceder á plena propiedade das terras que traballaban), e que constitúe en si mesmo un magma de diferentes tendencias (dende o agrarismo de influxo socialista, católico e ata o quizáis predominante, o agrarismo "neuro", vagarosamente republicano, laico e reformista),<sup>52</sup> encontrou un eco certo entre a emigración americana dende comezos do século XX. En principio, pódese afirmar que ese apoio seguiu dinámicas locais e comarcais: as asociacións de emigrantes tendían a apoiar en moitos casos ás sociedades agrarias do seu concello ou parroquia de orixe, financiándoas en ocasións, e sostendo tamén en boa parte tanto a prensa agrarista como a prensa local de carácter anticaciquil e de axitación política que proliferou en Galicia entre 1900 e 1936. De feito, existe unha correspondencia certa entre esta prensa anticaciquil de ámbito local e o asociacionismo galego en América:<sup>53</sup> non soamente porque ámbolos dous reproducen esquemas de comunicación vencellados á sociabilidade local, senón tamén porque, se a prensa local galega puido proliferar, foino en boa parte gracias ó influxo cultural da emigración (meirande alfabetización), o directo apoio financeiro dende América (xa que en boa parte dos casos a maioría dos subscritores eran convenciños radicados en Cuba ou Arxentina), e a mesma actividade xornalística de emigrantes retornados.

Esas cabeceiras de prensa local actuaban fundamentalmente como sostedores, quer dun "bando" caciquil presente na bisbarra ou vila (é dicir, pertencente ó Partido Conservador ou ó Liberal, ou a diferentes fraccións dalgún destes dous),<sup>54</sup> quer, dende comezos de século,

<sup>50</sup> NÚÑEZ SEIXAS, *O galeguismo*, passim. Vid. tamén Id., «O nacionalismo galego en América (1879-1950): unha perspectiva xeral», *Lusorama - Zeitschrift für Lusitanistik*, n.22 (1993), 71-103.

<sup>51</sup> Vid. a conferencia reproducida en *O Tío Marcos da Portela*, (2ª época), Ourense, n.42, 7.12.1918, p.3.

<sup>52</sup> Vid. H. HERVÉS SAYAR, «A propósito del conflicto antiforal en la Galicia del primer tercio del siglo XX. Asociacionismo agrario y resistencias campesinas», *Areas*, 15 (1993), 57-73.

<sup>53</sup> Vid. R. VILLARES, «Notas sobre a prensa local galega no primeiro tercio do século XX», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXXV:100 (1985/86), 267-84.

<sup>54</sup> Segundo o esquema avantado por J.A. DURÁN, *Historia de caciques, bandos e ideoloxías en la Galicia no urbana*, Madrid, 1972, para o caso de Rianxo. Unha recente recapitulación crítica sobre o carácter complementario do caciquismo, política local e administración municipal en J.M. CARDESIN/ P.LAGO, «Repensando el caciquismo: espacio político y agencia social en la Galicia de la Restauración», *Historia y Crítica*, II (1992), 191-226.



vencellábanse ó agrarismo de maneira máis ou menos notoria. En todo caso, as segundas nacían ligadas a problemáticas relacionadas co poder local e municipal (reparto de impostos [consumos], obras públicas, xestión de fondos públicos, etc.), e fundamentalmente avogaban por unha profundización da democracia política, a emancipación individual do cidadán e a consecución dunha meirande transparencia na xestión municipal, alonxada de componendas caciquís. Nisto encontraban grande apoio dos seus conveciños de América.

Este podería se-lo caso, p.ex., da prensa local agrarista do Val do Barcala (A Coruña), especialmente durante os anos 20 e 30,<sup>55</sup> vencellada directamente ás delegacións das propias sociedades de instrucción da zona en Galicia (adoito integradas por emigrantes retornados), as cales encontraban así, á súa vez, un voceiro para intervir directamente na política local dos seus concellos de orixe.<sup>56</sup> Mais tamén podemos observa-la interacción emigración-política local acudindo ó caso de Vilalba.

Coma noutras bisbarras galegas de predominio da actividade agraria e do pequeno campesiñado, a comezos do século XX Vilalba contaba con sociedades agrarias con obxectivos tanto redencionistas das cárregas forais como difusoras das melloras técnicas no campo; o concello apresentaba unha alta taxa de emigración -principalmente orientada, nesta zona, cara a Cuba. Así mesmo, o caciquismo turnante en Vilalba e que domeaba o poder municipal (dividido á súa vez en "bandos" ou faccións, unha pertencente a unha fracción do Partido Liberal e outra ó Partido Conservador) viase desafiado pola irrupción de novos grupos na política municipal, empurrados pola pequena burguesía profesional semi-urbana. Este vai se-lo caso do periódico *El Ratón* (1912-15),

dirixido por Antonio Peña Novo, de clara tendencia reformista e anticaciquil, e que, malia declararse repetidamente apolítico e alleo a partidos e banderías, dependía en realidade do Comité Maurista do veciño concello de Cospeito.<sup>57</sup> O movemento maurista, de feito unha sorte de "revolución controlada" orquestrada polos elementos máis inconformistas do Partido Conservador e directamente influída polo rexeneracionismo, buscaba reavivece-lo sistema da Restauración mediante a *acción cívica*, a formación de cidadáns (as "clases neutras") conscentes e participativos nos mecanismos do poder político: boa parte dos riscos ideolóxicos do maurismo emparentábanse co rexeneracionismo, resultando nun reformismo burgués de orientación positivista que non deixaba de ter algúns puntos de contacto co liberalismo democrático radical ou mesmo coa esquerda, e que postulaba como programa de reformas a educación política, a crítica ós mecanismos electorais corrompidos, a apelación á necesidade dun Estado eficaz conectado coa vida nacional, a mobilización dende a base ó traveso de instrumentos como a educación e a propaganda.<sup>58</sup> Este programa era perfectamente asumíbel dende diversas posicións, e dende logo encaixaba moito mellor nun país de pequenos propietarios agrarios (ou que aspiraban a selo) coma Galicia: e non deixará de satisfacer-las arelas de redención agraria e rexeneración dende a base que abeiraban as sociedades de instrucción na América.

O periódico *El Ratón* nace, pois, leado ós anseios reformistas de boa parte da pequena burguesía vilalbesa, en conexión coas sociedades agrarias do distrito, asemade con outros órganos xornalísticos locais galegos de tendencia maurista<sup>59</sup>, reformista ou agrarista. Dende os seus comezos, *El Ratón* recibe afervoadas

<sup>55</sup> Vid. LIÑARES GIRAUT, op.cit., 139-42.

<sup>56</sup> P.ex., era frecuente que en épocas de eleccións municipais, os emigrados publicasen chamamentos ós electores en apoio dos candidatos agrarios, para acabar co sistema caciquil e o mal goberno (Ivi, p.279).

<sup>57</sup> Vid. A. MARTINEZ LÓPEZ, *O cooperativismo católico no proceso de modernización da agricultura galega, 1900-1943*, Pontevedra, 1989, p.242.

<sup>58</sup> M.J. GONZALEZ HERNANDEZ, *Ciudadanía y acción. El conservadurismo maurista, 1907-1923*, Madrid, 1990, 128-30. A mesma autora sinala con razón que «es en esa base programática, en los instrumentos y en la forma (que no en el fondo ideológico) donde se puede hallar la confluencia [...] entre los movimientos regeneracionistas o reformistas de izquierda y derecha; entre los intentos de reacción (no reaccionarios) frente al sistema establecido con pretensiones de renovación de la vida política».

<sup>59</sup> Tamén o famoso órgano *El Barbero Municipal* de Rianxo, onde fixo as súas primeiras armas Castelao, nacia

adesións proveñentes da colonia vilalbesa en Cuba e inclúe noticias referentes ás actividades das Sociedades de Instrucción do Partido xudicial (un total de 8 entre 1912-15) existentes na Habana, e así mesmo gaña subscritores en Cuba. A sintonía ideolóxico-política existente entre o periódico, representante dos sectores "inconformistas" da bisbarra, e as sociedades de instrucción, aínda que non idéntica, era notábel: p.ex., cando informa sobre a Sociedade de Instrucción parroquial *Progreso de Lanzós*, fundada no 1913, afirma a súa fe na capacidade rexeneradora dos emigrantes, quen, cultivando as virtudes da asociación e da solidariedade, serían exemplo para os conveciños residentes en Galicia e contribuirían á «redención de los hermanos que aquí vegetan esclavizados por el cacique y tiranizados por la ignorancia [...] el conocimiento de nuestros derechos y las luces de la instrucción borrarán los linderos de mentidas superioridades de casta, que únicamente se fundan en el ejercicio de explotaciones»<sup>60</sup>. As cartas individuais asinadas por emigrantes na Habana expoñen semellantes postulados: a experiencia da emigración lles convertera en seres "pensantes" e "independentes", que valoraban a igualdade e a capacidade de ascender gracias ó mérito individual; mais éste, para que puidese saír a frote, había ser fomentado en primeiro lugar mediante a acción solidaria, as virtudes da asociación e do civismo.<sup>61</sup> Outro colaborador do periódico expresaba claramente esa fe na potencialidade impulsora da política e a modernización da bisbarra por parte dos emigrantes, exemplos de acción cívica e responsabilidade social, quen na América, «donde su fecunda actividad no sufre trabas, desarrollan la gran potencialidad de la raza», o que contrastaría coa actitude dos que ficaban en Galicia, «por nuestra atonía, por no trabajar lo que

debiéramos, por no organizarnos, por seguir en política orientaciones suicidas [...] Los emigrantes fundan escuelas, sociedades, mandan a Galicia inmensos caudales, no hay en la región obra de utilidad pública y de origen extra-oficial que no fuese echa [*sic*] o ayudada por ellos, no hay pueblo que no les deba algún beneficio». Os emigrantes, pois, serían os que «organicen agrariamente a Galicia, los que la regeneren con sus riquezas y trabajos y, sobre todo, el emigrante se crea un carácter independiente y más amor a su patria, siendo ellos por lo mismo los llamados a cambiar el vergonzoso régimen de nepotismo y arbitrariedad que hoy nos rige».<sup>62</sup>

O periódico anticaciquil aumentou a súa tirada, e se converteu en quincenario dende agosto de 1913, gracias en primeiro lugar á axuda dos emigrantes vilalbeses en América, que constituían a maioría dos subscritores de *El Ratón*, e mesmo formaron na Habana a comités dese ano un *Comité de Protección a El Ratón* para coordena-la distribución do periódico en Cuba e recadar fondos e subscricións: como expresaba enfaticamente o director do periódico, A. Peña Novo, no setembro de 1913:

*«Nuestras campañas habían conquistado las simpatías de los hijos de la patria, emigrados en las Américas, los villalbeses de Cuba [...] vieron en EL RATON el portavoz de sus ansias de redención, el exterminador de caciques y la bandera de la justicia y de la razón atropelladas ante el compadrazgo y el regalo [...] No hay apenas casa en que no viva ningún habanero. Con raras excepciones, todos viven independientes, sin tener que mendigar protección de ningún déspota perdonavidas. Y esa vida independiente, garantía de libertad, para ejercitar los derechos del ciudadano, unida a*

vencellado ó maurismo, como reacción precisamente fronte ó dominio do cacique do distrito, o liberal Viturra. Vid. DURÁN, *Historia de caciques*, cit., 207-08.

<sup>60</sup> «Los villalbeses en Cuba», *ER*, n.27, xullo/1913, p.1.

<sup>61</sup> Vid. por exemplo a carta asinada con pseudónimo por un emigrante habaneiro en «Del otro mundo. En escena» (*ER*, n.25, maio/1913, 1-2): declarábase alleo a banderías e politiquerías, só a carón da verdade e da xustiza, o que lle permitía ser «la voz del pueblo, la voz de los humildes, la voz de la verdadera democracia, y la verdadera democracia no hace ni quiere hacer acepción de personas, no reconoce señores ni siervos, caciques y oprimidos; no reconoce pueblo soberano de nombre y de hecho esclavo, irredentos y redimidos, parias y no parias; no: lo que quiere es medir a todos con el mismo rasero, según sus merecimientos; lo que quiero es dar a cada uno lo que es suyo».

<sup>62</sup> T.ZURRA, «Actualidades viejas. La emigración y los emigrantes», *ER*, n.27, xullo 1913.



4.- Comisión directiva do Centro Galaico de Pará (Brasil) no 1919.

la cultura y a las virtudes cívicas que aprendieron en tierras y países menos llenos de vicios políticos, son el gran medio de revolución social. En sus casas ejercen influencia positiva; [...] De Cuba viene el dinero que se necesita para atajar el hambre de años miserables; de Cuba viene el dinero para todas las obras benéficas que aquí hacemos; en Cuba se fundan sociedades de instrucción [...] para levantar en las parroquias edificios escolares donde educar a la juventud que el municipio y el Estado abandonan; de Cuba tienen que venir, por consiguiente, los vientos de fronda que barren para siempre el obstáculo de todo progreso; el caciquismo imperante, enemigo de la instrucción, de la beneficencia y del bienestar del pueblo.»<sup>63</sup>

Esos vientos de “redención” en ningún caso han tomarse como chamamentos a unha revolución socialista, senón que se conteñen sempre dentro dun discurso reformista, que cifra o meirande valor na redención individual mediante a instrucción e o progreso, e que

posúe un vagaroso contido rexionalista, aínda que non explícito. Así, p.ex., J. Rouco Cortiñas, en representación da *Unión de San Simón y Saramago* da Habana, expresaba en xaneiro de 1914 que o ideal dos emigrados sería:

«Fomentar la inteligencia, darle al cerebro un caudal de conocimientos, propender a que desde las abruptas montañas hasta el pueblo se cante un himno a la escuela, se eleve un altar al saber, y se edifique un templo para el estudio, único medio de regenerar una sociedad. Así como en lenguaje o doctrina social se propaga que ‘la redención del obrero es obra del obrero mismo; así nosotros los gallegos tenemos que decir que ‘la redención del gallego es obra del gallego mismo. Los que hemos abandonado el regazo materno [...] somos los que empujen el carro del progreso. Al amparo, pues de la democracia laboramos por la nuestra; nuestro anhelo es elevar el nivel intelectual y social del hermano caído, el hijo necesitado, de la madre méritísima y postergada.»<sup>64</sup>

<sup>63</sup> A. PEÑA NOVO, «De nuestra vida», *ER*, n.33, 21.9.1913, p.1.

<sup>64</sup> «Carta de Cuba», *ER*, n.40, 4.1.1914. Pola súa banda, J.M. ROSENDE, no nome da Sociedade *Guitiriz y su comarca*, denunciaba o estado láxime da instrucción primaria, por culpa dos políticos corruptos e unha burocracia inepta, o que traía como consecuencia a ignorancia das clases populares e a falla de civismo e carácter, pois nas escolas, mesmo, «se estimulan las malas pasiones que engendran la ignorancia», mentres en troques «allí donde se abre una escuela se cierra un presidio»: a construción dunha escola por parte dos

Prodúcese así unha certa correspondencia político-ideolóxica entre emigrados e sectores anticaciquís locais, favorecida pola súa concentración e interese na política municipal, o que á vez lles levaba a proclamarse un tanto accidentalistas na súa adscripción a un ou outro partido: o seu obxectivo proclamado era «formar en el pueblo un partido vigoroso en el que se agrupen las personas decentes, para que entre en el Ayuntamiento una oleada de vergüenza que lo purifique», polo que podían empresta-lo seu apoio nas eleccións a Cortes por candidatos mauristas, liberais ou conservadores, sempre que éstos abeirasen propósitos rexeneracionistas e democráticos, que superasen o “caciquismo” tradicional e contribuisen a reforma-la administración local.<sup>65</sup> Pero digno de mención é ademais o feito de que é precisamente a partires de *El Ratón* e do seu Comité de Defensa na Habana dende onde se lanzará a idea dunha necesaria unidade de acción por parte das oito sociedades de instrucción do termo municipal de Vilalba: o mesmo director do periódico, A. Peña Novo, se dirixira a elas por carta a mediados de 1913 instándoas a federarse. Xa no decembro dese ano, e en parte como resultado dese chamamento, cinco sociedades vilalbesas da Habana celebraron unha festa conxunta para selar unha nova época de unidade de acción.<sup>66</sup>

Ésta non era doada, xa que polémicas locais contribuían ás veces a enturbia-las relacións entre as Sociedades de instrucción, por motivos puramente de prestixio.<sup>67</sup> Será a comezos de 1915 cando comezará a cristalizar ese proceso de federación, nucleado pola máis politizada *Sociedad Protectora Progresista de los Intereses del Distrito de Villalba*, a cal fora creada xustamente a partires do comité de subscritores de *El Ratón* na Habana.<sup>68</sup> Catalizador importante foi asemade a campaña de recollida de asinaturas entre os vilalbeses da capital cubana en solidariedade con A. Peña Novo, tralas acusacións verquidas contra *El Ratón* polo alcalde e cacique de Vilalba, xulgándoo difamatorio e ofensivo: máis de 400 residentes na Habana asinaron o manifesto de solidariedade, que fixeron chegar a Galicia, de tons combativos,<sup>69</sup> e cuxa importancia era resumida polo propio Peña Novo en tratarse da primeira «protesta colectiva, terminante» e en forma artellada contra do caciquismo na bisbarra, mentres anteriormente só tiveran lugar críticas ou protestas individuais.<sup>70</sup> O *Comité Progresista de los Intereses del Partido de Villalba y su Comarca* se constitúe formalmente no febreiro de 1915, ó abeiro desa mobilización, e a súa declaración de obxectivos demostra un salto cualitativo: o seu radio de actuación esténdese a toda a

habaneiros de Guitiriz contribuiría ó «mejoramiento social de nuestra patria chica» («Bien por los de Guitiriz», *ER*, n.56, 6.9.1914, p.2).

<sup>65</sup> Así, p.ex., *ER* tomou partido nas eleccións de 1914 por un candidato da fracción García-prietista do Partido Liberal, opóndose á candidatura da fracción de Romanones, defendendo aquela como «católica, popular y honrada» (*ER*, n.44, 7.3.1914), despois de ter depositado esperanzas nunha posíbel coalición de mauristas e independentes, que non chegou a froitificar (*ER*, n.43, 15.2.1914); Luís Peña Novo -posterior promotor do nacionalismo- explicaba así en xuño dese ano o contido rexeneracionista do periódico e mailo seu accidentalismo partidario («Aclaraciones», *ER*, n.50, 7.6.1914, p.2). Non será de estranar que nas páxinas do periódico figuren colaboracións, p.ex., do tradicionalista J.Vázquez de Mella, que criticaban o réxime turnista da Restauración e o caciquismo imperante.

<sup>66</sup> «Villalba en América», *ER*, n.41, 18.1.1914, p.1.

<sup>67</sup> Así, p.ex., a Sociedade *Guitiriz y su comarca* protestaba no maio de 1914 porque non se ratificaba o título real de “villa” a Guitiriz, concedido en 1874 por Alfonso XII, mais paralisado polo concello, ó igual que un edificio proectado de Correos e Telégrafos foi concedido á veciña vila de Parga e non a Guitiriz, o que atribuíu ó submetemento do cacique de Guitiriz ós de Trasparga («Guitiriz y su comarca», *ER*, n.49, 17.5.1914, p.1).

<sup>68</sup> «Villalba en Cuba», *ER*, n.65, 17.1.1915, p.3.

<sup>69</sup> Vid. «Desde Cuba», *ER*, n.66, 7.2.1915, 1-2. A campaña foi dinamizada pola *Sociedad Protectora*, agora denominada *Comité Progresista Defensor de los Intereses del Distrito de Villalba*, que se confesa sucesor do Comité de simpatizantes de *El Ratón* na Habana, mais que cambiou o seu nome e estrutura «para hacer más extensa y efectiva nuestra labor, para poder extender nuestro radio de acción hasta los pobres labradores que sollozan en silencio las canalladas de los caciques».

<sup>70</sup> A. PEÑA NOVO, «El mensaje de la colonia villalbesa», *ER*, n.67, 21.2.1915, p.1.

bisbarra, e os seus fins serán máis políticos, «prestar su más decidido concurso moral y material a todas aquellas causas que considere de gran importancia para el progreso y engrandecimiento de Vilalba y su comarca», mediante unha laboura de «enérgica oposición y protestar en la forma que requieran las circunstancias a todo cuanto se oponga a sus elevados fines»: máis concretamente, «Hará todo cuanto sea realizable para acabar de una vez para siempre con el fantasma que se llama caciquismo [...] y es fantasma porque ante la ley (que es general y no un contrato particular) el cacique que asombra tan sólo al ignorante y al pobre de espíritu es un ciudadano como otro cualquiera»; para atal finalidade, propoñíase busca-la colaboración de todas as sociedades agrarias e culturais constituídas na bisbarra vilalbesa, para unirse con ela: «a defender la causa de la justicia y de la democracia, rompiendo de una vez esa cadena opresora de tiranía».<sup>71</sup> Tan elevados fins non seguían impedindo que os intereses locais se sobrepujeran ós principios, cando entraban en conflito: así, cando no 1915 visita Vilalba o deputado electo por proclamación directa (ó abeiro do artigo 29 da Lei Electoral) Leonardo Rodríguez (alleo á bisbarra), as súas declaracións de intencións agradaron a *El Ratón*, que lle concedía unha marxe de confianza na medida en que se amosaba disposto a satisfacer-los intereses comarcais («El ferrocarril eléctrico, el adoquinado de la carretera, los caminos vecinales, la carretera de Meira y un sin fin de mejoras urbanas y agrarias»)<sup>72</sup>

Nembargantes, esta época de mobilización acabou bruscamente en canto o periódico *El Ratón*, sen dúbida submetido ás presións caciquís e carente dun apoio importante e artellado por parte dos habitantes de Vilalba, anunciou a súa desaparición no agosto de 1915.<sup>73</sup> Mais a

súa virtualidade fora, entre outras, precisamente a de alentar e estimular-la concienciación socio-política dos emigrantes vilalbeses en Cuba, á vez que fomenta-lo intercambio efectivo entre Galicia e América. O caso de *El Ratón* e maila súa interrelación coa colonia de emigrantes en América pode ser estendido a outras publicacións, como *El Pueblo*, semanario agrarista-anticaciquil de Baiona (Pontevedra), cuxo director, José M<sup>a</sup> Barreiro, tivo que rematar por ampararse na colectividade galega de Montevideo en 1916 (onde encabezou a esgazadura do Centro Galego que deu lugar, precisamente, á *Casa de Galicia* en 1917, a cal agrupou, *grosso modo*, ós sectores máis populares da colectividade galega, mais que tendeu igualmente a concentrarse nas actividades mutualistas).<sup>74</sup> Noutras ocasións, son os emigrados os que se asocian en «Comités Auxiliares» de sociedades agrarias existentes en Galicia, primeiro a nivel parroquial, con obxectivos máis claramente socio-políticos, que despois manifiestan a súa vontade de axir a nivel comarcal, coordinando mesmo a actividade dos emigrados desa bisbarra noutros países (Brasil, Uruguai, Portugal): é o caso, p.ex., do *Comité Auxiliar de la Sociedad de Agricultores de Cristiñade en Buenos Aires*, constituído por 20 veciños desa freguesía (Baixo Miño) no abril de 1911, co fin de «desarrollar el espíritu de asociación y cooperativismo, dando conferencias en aquellas aldeas que se crean oportunas para elevar el nivel intelectual de la población agraria». A partires deste primeiro Comité, artellaríase un Comité Auxiliar de acado comarcal, que agruparía ós emigrantes das parroquias de todo o partido xudicial de Pontearreas: deste xeito, transformóuse nunha entidade de acado máis amplo, o *Comité Auxiliar de las Sociedades de Agricultores de Puentearreas en Buenos*

<sup>71</sup> «Comité Progresista», *ER*, n.67, 21.2.1915, p.2.

<sup>72</sup> «La visita del diputado», *ER*, n.70, 4.4.1915, p.1. A Sociedade de Instrucción *Hijos de Roupar* da Habana, pola súa parte, dirixíuse axiña ó deputado para que éste xestionase que non se paralisasen as obras da estrada Viveiro-Ferrol ó seu paso por Roupar.

<sup>73</sup> «Despedida», *ER*, n.78, 8.8.1915, p.1.

<sup>74</sup> Vid. J.A. DURAN, *Agrarismo y movilización campesina en el país gallego (1875-1912)*, Madrid, 1977, p.405; CAGIAO VILA, op.cit., 279-83. Para C. ZUBILLAGA BARRERA («La inmigración gallega...», cit. p.193), as diferencias de criterio que deron nacemento á Casa de Galicia denotaron un corte socio-económico no seo da colonia galega de Montevideo que conservou vixencia por un cuarto de século: os sectores «acomodados» arredor do Centro Gallego, e os sectores «populares» -comerciantes minoristas, artesáns, asalariados- en torno á Casa de Galicia.

Aires, constituído no decembro de 1912. Mais o catalizador que permitiu, precisamente, ese proceso de fusión foi a existencia na zona de orixe dun periódico anticaciquil e ligado ás sociedades agrarias da zona, *El Tea*, xa que nas orixes do asociacionismo agrario na rexión baixomiñota os *americanos* non semellan teren xogado un grande papel inicial.<sup>75</sup> O comité bonaerense, en conxunción coas sociedades agrarias da bisbarra, fornecerá diante todo financiamento e estímulo, á súa vez, á unificación progresiva de todas as sociedades agrarias laicas ("neutras") do partido xudicial de Ponteareas, que crearán unha Federación Agraria a comezos de 1914 para poder así, tamén, opórse ó desenvolvemento do sindicalismo católico-agrario. Non sempre, nembargantes, apoiaban os comités de emigrados só ó agrarismo organizado, senón que noutras ocasións tendían a apoiar a unha das faccións en loita polo poder local ou a nivel de todo un partido xudicial, o que na práctica equivalía a devorarse por uns *caciques* en detrimento doutros: é o caso, p.ex., de Ortigueira, onde a dialéctica real durante as dúas primeiras décadas do século se establecerá entre liberais prietistas e monteristas, sendo un representante dos segundos, Federico Maciñeira, alcalde da vila en 1918, o presidente da Delegación local da *Federación de las Sociedades de Instrucción y Recreo del Partido Judicial de Ortigueira* da Habana (fundada no 1926).<sup>76</sup> Xa que logo, moitas das iniciativas do agrarismo galego contaban xa durante a primeira década do século XX de apoio directo das sociedades de instrucción, que canalizaban a súa actividade de acordo a dinámicas locais. Tendía así a existir unha fonda interrelación entre emigrantes retornados, comités representativos ou delegacións en Galicia das sociedades de instrucción (que en primeiro lugar eran fundadas para xestionar as contribucións enviadas dende América para construír escolas, etc.) e

mailas sociedades agrarias en múltiples puntos de Galicia: imbricación que, como vemos, se estendía ós periódicos agrarios de carácter local<sup>77</sup>; se ben non necesariamente precedían as sociedades de instrucción americanas ás sociedades agrarias da súa bisbarra ou parroquia de orixe, senón que en moitas ocasións tratouse dunha confluencia espontánea, na que os mediadores adoitaban ser as delegacións dos "americanos" en Galicia.<sup>78</sup>

A orientación anticaciquil, na maioría dos casos, non supoñía por si un posicionamento político explícito: é máis, consonte avante a politización das sociedades galegas na América dende 1915, a súa relación cos periódicos por elas sostidas nas súas bisbarras de orixe non sempre foi sinxela. Mentres os emigrados tendían a esixir un meirande compromiso nas loitas políticas municipais, optar polo bando agrarista e ata ás veces a apresentar candidatos propios, ó mesmo tempo teimábase no "apoliticismo" ideolóxico dos postulados dos emigrados. Este foi o caso, p.ex., do periódico *El Emigrado*, fundado na Estrada (Pontevedra) no setembro de 1920 coa contribución financeira directa e o apoio constante das sociedades *Hijos del Ayuntamiento de la Estrada* da Habana e da máis politizada *Federación Agraria Estradense en Buenos Aires*, que xa publicaba un órgano anticaciquil na capital arxentina (*La Libertad*), endebén non pretendía nun comezo expresar unha liña política explícita, senón ser «independiente, órgano de los emigrados y defensor de los intereses locales y regionales».<sup>79</sup> Na súa presentación, *El Emigrado* manifestábase alleo ás disputas partidistas do distrito, só preocupado de que aqueles que gobernasen o "fixesen ben", e consideraba como pivotes fundamentais para o seu único fin, «trabajar única y exclusivamente por el desarrollo económico del Distrito» o fomento do asociacionismo

<sup>75</sup> Vid. H. HERVES SAYAR, *Agrarismo e societarismo campesiño no Val do Tea, 1900-1936*, Tese de Licenciatura, Univ. de Santiago, 1991, 52-53; id., «O nacemento do asociacionismo campesiño na rexión baixomiñota, 1900-1905», *Tui. Museo y Archivo Histórico Diocesano*, VII (1994), 129-58.

<sup>76</sup> Vid. A. M.ROSENDE, *O agrarismo na comarca do Ortegal (1893-1936)*, Sada-A Coruña, 1988, 36-37; PEÑA SAAVEDRA, op.cit., vol.I, 670-71.

<sup>77</sup> Vid. DURÁN, *Agrarismo*, cit., p.405.

<sup>78</sup> Para o caso do val do Barcala, vid. LIÑARES GIRAUT, op.cit., 140-41 e 278-79.

<sup>79</sup> Vid. M.BREA ABADES, «Aclaración necesaria. Origen de este periódico», *EE*, n.5, 21.11.1920, p.1.



agrario e maila instrucción primaria.<sup>80</sup> O periódico subsistirá ata 1924, e axirá en colaboura -e ata certo punto, dependencia- coa Delegación dos emigrados na Estrada, o *Centro de Emigrados* da vila, cuxa relación asemade coa Federación Agraria do distrito era moi estreita, mais que non tomou partido como institución nas loitas electorais municipais -libradas entre os partidarios da fracción liberal de Riestra, un dos prohombres do partido en Galicia, e os conservadores-, endebén os seus dirixentes aparecen adoito como candidatos agraristas ás eleccións municipais, o que lle provocará a desconfianza e mesmo persecución por parte das autoridades municipais vencelladas a Riestra. Ora ben, non deixou de producirse unha tensión remanente entre varias asociacións agrarias da bisbarra, fortemente influídas polo agrarismo católico reformista, e mailos propósitos máis "avantados" das sociedades americanas: mais a presenza dun adversario común, o caciquismo municipal dos partidos turnantes, aparcaba considerábelmente esas diferencias.

A intervención dos emigrados estradenses -sobre todo, dos agrupados arredor da sociedade *Hijos del Ayuntamiento de La Estrada* da Habana- na política local foi constante entre 1921 e 1923: aínda que dentro do Centro de Emigrados da vila da Estrada, e nas páxinas do periódico *El Emigrado* (dirixido por M. García Barros e Xosé Otero Abelleira, ámbolos dous de significada ideoloxía nacionalista, o mesmo que Maximino Matalobos, outro dos inspiradores do periódico) reinaba unha certa heteroxeneidade, pódense debullar unha serie de eixos directores da súa actuación.

Realmente, tanto o periódico *El Emigrado* como a intervención xeral dos americanos

estradenses na política galega caracterizáronse por un anticaciquismo tinxido de rexeneracionismo agrarista. Dunha banda, os emigrados teñen un eido de interese primordialmente local e municipal: son cuestións como o reparto de consumos, a confección dos presupostos municipais e os asuntos internos do axuntamento os que normalmente tenden a predominar nas páxinas de *El Emigrado*. Porén, dende 1921 aproximadamente obsérvase un crecente interese por cuestións políticas de acado máis xeral, fundamentalmente de ámbito galego.

A pesares do seu referido apoliticismo teórico, que non perdían ocasión en reafirmar, para evitar así o aguzamento de divisións internas,<sup>81</sup> tanto o Centro de Emigrados coma *El Emigrado* toman partido implícito claramente polas iniciativas agraristas vencelladas ó agrarismo *neutro*; máis moderadamente -sobre todo o periódico- se aliñarán tamén coas posicións defendidas dende 1922 pola Irmandade Nacionalista Galega (ING) de Vicente Risco, e en xeral con tódalas iniciativas destinadas a "destronar" ó cacique máximo da provincia de Pontevedra e do distrito electoral da Estrada, Vicente Riestra, quen contaba especialmente coa antipatía da colonia estradense na Habana e Buenos Aires.<sup>82</sup>

Deste xeito, os emigrados preferirán apoiar dende 1920 a un candidato alternativo e pertencente ó Partido Conservador, Alfredo Pérez Viondi (daquela director do Hospital Militar de Vigo), quen gozaba de boa reputación entre os americanos por ter levado a cabo algunhas xestións en prol do distrito perante as autoridades gubernativas; Viondi aceptou explicitamente defende-las reivindicacións feitas chegar polos

<sup>80</sup> «Nuestra presentación», *EE*, n.1, 15.9.1920, p.1.

<sup>81</sup> Así, nas xuntanzas celebradas pola Delegación na Estrada da sociedade *Hijos del Ayuntamiento de La Estrada* na Habana no xaneiro de 1923, acordouse categoricamente non enviar representación algunha da entidade a actos políticos, asemade declarar incompatíbeis os cárgos de director de *El Emigrado* e da directiva da Delegación con calquera cárgo político (concelleiro, etc.): vid. «Centro de Emigrados», *EE*, n.79, 7.1.1923, p.2. Algunhas cartas de emigrantes ó periódico, polo demais, teimaban na necesidade precisamente de que se mantivese nunha liña apolítica, «pues de la política no vivimos los agricultores ni los emigrantes» («Argentina. Una carta alentadora», *EE*, n.43, 24.1.1922, p.2).

<sup>82</sup> Así, *El Emigrado* salientaba en xaneiro de 1922 que o periódico non era político nin facía política, mais que se acentuaba a liña antiriestrista era 1) porque a maioría dos seus lectores eran antiriestristas; 2) porque esa era a tendencia xeral de toda a vila; 3) porque «lo es la colonia de Cuba, que sostiene El Emigrado y lo mismo la de Buenos Aires, que como se ha visto, simpatiza con nosotros»; 4) porque consideraba que era o seu deber contribuir a que ninguén dispuxese da provincia como dun fato de carneiros sen reportar utilidade algunha, o que non era cuestión política, senón «de dignidad ciudadana» («Municipaleras», *EE*, n.44, 31.1.1922, p.1).

residentes da Estrada en Buenos Aires.<sup>83</sup> Verbo da oposición a Riestra non deixou de haber tensións entre os estradenses de Buenos Aires e os redactores locais do periódico, poisque os americanos esixían (dende o periódico *La Libertad*) unha meirande contundencia anticaciquil e antiriestrista, ó que *El Emigrado* respostaba que mantiña unha posición crítica cara a Riestra porque non cumpría as súas obrigas electorais cara ó seu distrito, mais que se o fixera, daquela o periódico deviría un «riestrista fogoso».<sup>84</sup> Tamén a sociedade *Hijos del Ayuntamiento de La Estrada* na Habana tomou un partido explícito contra de Riestra e mailos “caciquiños” que asegurarian o seu dominio na Estrada, e publicou a mediados de 1922 un manifesto no que denunciaba as irregularidades cometidas pola administración municipal e a persecución á que o alcalde da vila submetía ó periódico dos emigrantes: xa que logo, incitaban ó pobo da Estrada a votar por «hombres de conciencia que, conocedores de las necesidades del Distrito procuren remediarlas, hagan establecer en primer término las escuelas que nos corresponden a la población y construir los caminos vecinales de que está tan carente toda la comarca»<sup>85</sup>. Os diversos atropellos cometidos polo bando riestrista nas eleccións municipais de 1922, anulando os resultados obtidos polas candidaturas agrarias en varios concellos do partido xudicial, provocaron de feito a resposta tanto dos emigrados -que celebraron asembleas de protesta en Buenos Aires e especialmente na Habana, onde se axuntaron nun grande acto as sociedades de Silleda, Cerdedo, Forcarei e A

Estrada<sup>86</sup> - como das sociedades agrarias e do Centro de Emigrados, que secundaron un grande mitin de protesta en Silleda convocado polos agrarios e no que interviron varios emigrantes retornados, asemade representantes socialistas (J.Pasín) e nacionalistas (Xesús Culebras) chegados á sazón de Santiago.<sup>87</sup> Como produto desa mobilización, no maio de 1922 constituíuse na Habana un *Comité Progresista Anticaciquil* integrado por representantes da Estrada, Forcarei e Silleda, e presidido por Maximino Matalobos, cuxos fins eran levar a cabo unha «extensa campaña de acción popular entre todos los elementos de esas aldeas para que, en las próximas elecciones de diputados a Cortes, todas las masas conscientes del distrito electoral de La Estrada, Silleda, Forcarey y Cerdedo den su voto al candidato anticaciquil que se presente a la lucha contra la casa Riestra»: o Comité contaba co apoio do *Comité Representativo de las Sociedades de Instrucción* da Habana e se propuña encetar unha campaña de sensibilización popular na Estrada para que os labregos se decatasen da grande importancia que posuía o voto.<sup>88</sup> No manifesto que fixo chegar a Galicia ó pouco tempo, o Comité Progresista Anticaciquil da Habana instaba ós veciños do distrito electoral da Estrada a votar contra de Riestra, a quen acusaban de ter “infiltrado” moitas sociedades agrarias para neutraliza-la súa actividade, e a que defendesen as liberdades municipais, «base de las libertades del hombre», en primeiro lugar elixindo a un deputado que as reclamase nas Cortes: por iso, acababan propugnando o voto a prol de

<sup>83</sup> «La campaña electoral», *EE*, n.7, 16.12.1920, p.3. Nese programa, constaban 6 puntos: 1) autonomía municipal; 2) autonomía rexional; 3) Escola práctica de agricultura, artes e industria e tódalas escolas precisas de instrucción primaria para o concello da Estrada; 4) Construcción do Ferrocarril Central Gallego; 5) Construcción dunha ponte en Sarandón; 6) Ampliar no posíbel a rede de comunicacións.

<sup>84</sup> «Contestando a una alusión», *EE*, n.48, 7.3.1922, p.2.

<sup>85</sup> «Manifiesto a todos los naturales del Distrito de La Estrada», solto datado na Habana en abril de 1922, *EE*, n.55, 24.5.1922.

<sup>86</sup> «Ecos de la ausencia», *EE*, n.56, 31.6.1922, p.2.

<sup>87</sup> «Desde Silleda. Grandioso mitin», *EE*, n.50, 7.2.1922, p.1. Nas conclusións, elevábanse ó Goberno 4 peticións: 1) que fosen aprobadas as eleccións municipais gañadas polos agrarios en 6 colexios; 2) que Galicia puidese embarcar libremente o seu gando cara a Grande Bretaña e Francia; 3) protestar contra do reparto de consumos de 1921, polas irregularidades nel rexistradas; 4) demandar o pagamento de medicamentos para pobres, haberes a médicos municipais, casas de escolas, etc. No mitin, os oradores tamén criticaron acedamente o estragamento de recursos na guerra de Marrocos, o “nefasto” labor dos Riestra en 40 anos de dominio caciquil, etc. Os asistentes corearon varias veces vivas a Viondi.

<sup>88</sup> «Ecos de la ausencia», *EE*, n.57, 7.6.1922, p.2.

Pérez Viondi, para poder deter ó caciquismo «de su carrera de crímenes, venganzas y sensualismos».<sup>89</sup> Tamén en Buenos Aires se formou cara a abril de 1922 un *Comité Auxiliar de las Sociedades Agrarias* por residentes sobre todo do distrito de Silleda, encabezados entre outros por A. Alonso Ríos, para recolectar fondos para a publicación de manifestos e apoio á campaña electoral de Pérez Viondi contra de Riestra.<sup>90</sup>

O entusiasmo dos agrarios e do pobo estradense non sempre se correspondía, porén, co que deles agardaban os emigrados: así, o concelleiro agrario de Forcarei J. Campos Vázquez denunciaba a pasividade dos propios electores ó chega-la hora das eleccións, mentres os «americanos» «trabajan sin cesar por que nuestra tierra alcance aquello que se merece».<sup>91</sup> Así e todo, nunha xuntanza celebrada a mediados de decembro de 1922 para mirar de agrupalas forzas políticas do distrito electoral da Estrada con vistas á loita nas eleccións dos representantes dos emigrados e dos agrarios de cada parroquia, acordouse mesmo a constitución dun Partido Progresista Anticaciquil, clara imitación da iniciativa dos americanos.<sup>92</sup> Os emigrados da Habana reafirmaron o seu apoio a Viondi cunha asemblea de adhesión no Centro

Galego no febreiro de 1923, dinamizada polo Comité Progresista Anticaciquil da capital cubana -que afirmaba contar daquela con 700 asociados-, e á que asistiron catro mil galegos (a maioría procedentes da Estrada, Silleda, Cerdedo e Forcarei);<sup>93</sup> o mesmo fixeron por maioría os representantes das parroquias do distrito electoral da Estrada a fins de febreiro de 1923, endebén as sociedades agrarias e obreiras de Forcarei propoñían apoiar ó socialista Waldo Gil, e varios «americanos» retornados preferían optar polo reformista Emilio García Negreira.<sup>94</sup> O encosto dado a este último por varios deses retornados, incluíndo a persoaxes salientados do Centro de Emigrados e mesmo fundadores do Partido Progresista Anticaciquil (como Bernardo Mato Castro, Erundino Berguero e Antonio Fernández) desatou unha aceda polémica entre os habaneiros (que apoiaban unanimemente a Pérez Viondi dende a lonxanía) e algúns sectores dos retornados, quen preferiron promoveren a candidatura dun membro do Partido Reformista por achegarse máis á esquerda, mentres -argumentaban- Pérez Viondi pertencía ó Partido Conservador e refugara afiliarse publicamente ó Partido Progresista Anticaciquil recién fundado.<sup>95</sup> O resultado de todas esas desavinzas,

<sup>89</sup> «De Cuba. A todos los vecinos de La Estrada, Silleda, Forcarey y Cerdedo», *EE*, n.59, 24.6.1922, p.2. No agosto (n.63, 7.8.1922, e 64, 16.8.1922) *El Emigrado* publica un manifesto do *Comité Federativo de las Sociedades de Instrucción* da Habana, incluíndo un estudo explicativo verbo da emisión do voto, no que resumía a necesidade de conquistar unha boa educación cívica para poder facer do sufraxio un medio para «purificar el ambiente social». Desprecia así o envilecemento social que produce o feito de que só gañe as eleccións quen ten máis diñeiro, «esta aristocracia del metal, más peligrosa que todas las dignidades del aboleño rancio, acabará con las libertades y las virtudes populares, porque si la nobleza obra atropellando derechos, manteniéndose aún dentro de ciertas formas humanas, la aristocracia del dinero obra maltratando al hombre, porque hace absoluto desprecio de la moralidad de los medios, consiguiendo casi siempre encarnar la autoridad social en seres desprovistos de las más elementales nociones de educación cívica»: compría, xa que logo, transformar en conscientes os votos «de reata» que caracterizaban as eleccións en Galicia, e esa transformación só sería posíbel «Pensando en lo que somos con los ojos del alma puestos en lo que podemos ser. Es necesario que queramos, y esto nos basta si nuestros movimientos responden a los impulsos de nuestra voluntad». O medio para iso sería labourar «por una Galicia ilustrada y progresista, que es obra fácil de llevar a cabo si la redimimos del cautiverio del odioso caciquismo por medio de la educación en todas las funciones sociales».

<sup>90</sup> «Una entrevista con el Sr. Viondi», *EE*, n.60, 7.7.1922, p.2.

<sup>91</sup> J. CAMPOS VÁZQUEZ, «Los que luchan y los que duermen», *EE*, n.61, 16.7.1922, p.2.

<sup>92</sup> «Partido político», *EE*, n.77, 31.12.1922,2-3. A asemblea asistiu un delegado de cada parroquia, e nomeou unha Mesa Executiva formada polo retornado Bernardo Mato Castro, J. Varela Puente e J. Campos Vázquez.

<sup>93</sup> J. DE QUINTAS, «Postales habaneras», *EE*, n.82, 24.2.1923, p.2; o manifesto do Comité Progresista Anticaciquil da Habana, datado en xaneiro de 1923, está reproducido en *EE*, n.83, 7.3.1923, p.2.

<sup>94</sup> «Miscelánea». *EE*, n.83, 7.3.1923, p.4.

<sup>95</sup> Vid. «Aclarando», *EE*, n.88, 16.4.1923, p.2; B. MATO CASTRO, «Tribuna libre», *EE*, n.90, 7.5.1923.

pesie a notábel mobilización alentada aquí e alén mar, foi a nova victoria electoral de Riestra nas eleccións a Cortes celebradas o 29 de abril de 1923, para decepción dos americanos: M. García Barros atribuíu a derrota de Pérez Viondi a que por Riestra votaran todos aqueles que se beneficiaban dun xeito ou doutro do sistema caciquil, dende os funcionarios ata os comerciantes e almacenistas que non pagaban a matrícula que lles correspondía, asemade «aquellos que no poseen la vitrud suficiente para no claudicar ante la dádiva, la promesa o la amenaza, y, para terminar, aquellos que no teniendo conciencia de sus actos, se dejan llevar del primero o del último que llega, casi siempre al revés de lo que debieran»: daí que o atranco co que batían os esforzos dos emigrados estradenses fose «la malicia del brazo de la ignorancia», co que só desterrando ésta se podería combater a primeira.<sup>96</sup>

As eleccións puxeron de manifesto, pois, algunhas das contradicións que tamén sulcaban as relacións entre americanos, retornados e agrarios: aquéles esixían unha coerencia de plantexamentos e actitudes ós seus conveciños en Galicia que non sempre era correspondida, tanto nas eleccións como no apoio ó labor realizado polas sociedades de instrucción (non fallando neste caso multitude de polémicas ó nivel parroquial sobre o apoio ás escolas de americanos, que adoito dividían ós veciños).<sup>97</sup> No fondo, nas páxinas do voceiro oficioso dos emigrados pódese observar en boa proporción un certo eclecticismo político, alén da común denominación “anticaciquil”, que permitía manter unha unidade de acción de sectores relativamente heteroxéneos; mesmo, a actitude adoptada diante, p.ex., das iniciativas tendentes a artella-lo movemento agrarista a nivel galego

revela ese grao de ambivalencia: se dunha banda consideraba os sindicatos católicos da Coruña e Lugo como «ejemplo [...] de espíritu práctico y positivista con el funcionamiento de sus instituciones de crédito, de seguros, de cooperativas de compra-venta, etc.», doutra banda apreciaba nas demais sociedades agrarias de Galicia, sobre todo de Pontevedra «su espíritu idealista, espíritu de rebeldía y de emancipación ciudadana, librando rudas batallas en los comicios para llevar al Municipio, a la Provincia y a las Cortes a hombres dignos de su representación, y oponiéndose resueltamente al pago de los odiosos que aquí nos quedan todavía como restos malditos del antiguo orden feudal», endebén reconecese que as segundas contaban cun meirande número de adeptos en Galicia e entre os mesmos emigrados. O periódico declaraba así a súa adhesión ó Congreso Agrario de Tui de 1922 (no que participaron 161 entidades de toda Galicia), adhirose ó programa abolicionista e autonomista (municipal e rexional) aprobado naquela cidade, e así mesmo á *Confederación Agraria Regional* de Basilio Alvarez. Dentro desa xeira de mobilización do agrarismo a nivel galego, *El Emigrado* promoverá tamén a coordinación das sociedades agrarias dos partidos xudiciais da Estrada e Lalín, de acordo co periódico lalinés *Verdad y Justicia*, e agardaba así que a Federación Agraria da Estrada, en cuxa directiva figuraban varios “americanos”, fíxase mellor o seu rumbo e axuntase esforzos con outras sociedades afíns de Galicia, no canto de poñerse a falar cuns caciques ou outros.<sup>98</sup>

Non por iso desviaron os retornados e *El Emigrado* o seu interese dos asuntos de política municipal, sobre todo no referente ós repartos de consumos, arbitrios, reparto de fondos do

<sup>96</sup> M.G. B., «Llegó y pasó el día», *EE*, n.90, 7.5.1923, p.1.

<sup>97</sup> Mesmo, acusábase ós emigrados de negaren axuda material a aquelas parroquias que se dobregaban perante os caciques, o que en parte era certo, xa que o Comité Progresista Anticaciquil da Habana proclamou no maio de 1923 a súa intención de discriminar a aquelas parroquias que non optasen polos seus candidatos á hora de recibir fondos para escolas ou outras doazóns: vid. o manifesto «A los electores de la Estrada», *EE*, n.86, 31.3.1923, p.2; asemade, «No es lo mismo», *EE*, n.88, 16.4.1923, p.1. Igualmente significativo foi que o Comité Progresista Anticaciquil da Habana recibise despois das eleccións numerosas cartas de veciños da Estrada nas que éstos se desculpaban diante dos habaneiros por non teren votado a Viondi, cartas que foron rexeitadas indignadamente polo Comité, porque «a los pueblos que ansían redimirse no se les sirve haciéndoles traición a cambio de saciar el hambre por el momento, con un pedazo de pan de la maldición» (vid. «Ecos de la ausencia», *EE*, n.97, 16.7.1923, p.2).

<sup>98</sup> «Agrarismo gallego», *EE*, n.65, 31.8.1922, p.1; vid. tamén «La próxima lucha. Los agrarios de Galicia», *EE*, n.78, 7.1.1923, p.1.

concello entre as diversas parroquias, obras públicas, etc.,<sup>99</sup> mais dende 1922 eses asuntos complementábanse progresivamente con cuestións de acado político galego ou español máis xeral: o Sindicato Agrícola Federal da Estrada, p.ex., tamén dirixido en boa parte por americanos retornados, amais da existencia de meirande intervención do Sindicato na distribución dos consumos e do orzamento de obras públicas entre as diferentes freguesías, incluía no seu programa de reivindicacións de setembro de 1922 a existencia de abolición ou redención de foros, a construción dun Ferrocarril central galego, a creación de escolas e maila colaboura con sociedades agrarias de fóra e dentro do distrito.<sup>100</sup> Igualmente, no verán de 1923 a Federación Agraria da Estrada convocou un grande mitin na praza da igrexa para protestar polas "escandalosas" irregularidades cometidas no reparto de consumos e noutros asuntos de interese municipal xeral: o alcalde, porén, prohibiu o mitin previsto para o día 31 de agosto (ó que se prevía convidar a Basilio Alvarez e outros oradores, asemade as sociedades agrarias de Silleda, Forcarei e Cerdedo), co que aquél trasladouse ó día 5 de setembro, léndose á final do mesmo un comunicado da Federación Agraria no que se teimaba diante todo en reivindicacións de orde municipal; mais engadíanse 4 puntos finais para que fosen encostados polo Axuntamento perante quen correspondese: petición dun réxime librecambista para Galicia, resolución inmediata do problema dos foros, abandono de Marrocos, e promulgación dunha lei de amnistía para os delitos políticos e sociais.<sup>101</sup>

Xunto diso, o periódico estradense reflicte de xeito crecente a atmosfera xeral de desencanto social e de crise política do Sistema da Restauración, xa dende mediados de 1922:



5.- Distribución de escolas de indianos en Galicia por distritos.

ademais de esixir a construción dun ferrocarril central galego con femencia e insistencia,<sup>102</sup> os artigos de opinión dende comezos de 1923, mesmo de xornalistas ou políticos de toda Galicia, carregan as tintas sobre a guerra de Marrocos, á que desexan se poña fin por considerala un estragamento inútil de recursos por parte do Goberno, estando a prol de abandoalo protectorado e de esixir responsabilidades ós culpábeis do desastre de Annual ata as últimas consecuencias.<sup>103</sup> Esa crítica facíase extensiva ó réxime xeral de caciquismo e favoritismo imperante na España, a falla de atención por parte do Estado ós problemas sociais e económicos específicos de Galicia, o nepotismo practicado no acceso á administración pública, etc.<sup>104</sup> Mesmo, nalgunha ocasión aparecerán incitacións veladas a que xurda un cirurxián de ferro con tintes autoritarios: un editorial de decembro de 1922, así, espremía a súa desconfianza en que o podrecido réxime parlamentario da

<sup>99</sup> Vid. p.ex. os acordos da xunta xeral do Centro de Emigrados da Estrada no setembro de 1922: *EE*, n.66, 7.9.1922, p.1.

<sup>100</sup> «Sindicato Agrícola Federal», *EE*, n.66, 7.9.1922, p.4.

<sup>101</sup> Vid. *EE*, n.101, 31.8.1923, p.3, e n.102, 7.9.1923, p.3.

<sup>102</sup> Vid. «De los ferrocarriles de Pontevedra-Lugo y Lugo-Ribadeo», *EE*, n.92, 31.5.1923, p.1.

<sup>103</sup> Vid. p.ex. M.B. PORTO, «La eterna incógnita», *EE*, n.96, 7.7.1923, p.1; «Las responsabilidades y la opinión», *EE*, n.97, 16.7.1923, p.1; M. LUSTRES RIVAS, «Marruecos significa...El desprestigio y la ruina de España», *EE*, n.98, 31.7.1923, p.1; M. LUSTRES RIVAS, «Los gallegos somos ponderados. Por serlo, no queremos la conquista de Alhucemas», *EE*, n.101, 31.8.1923, p.1.

<sup>104</sup> Vid. p.ex. M.G.B., «Cómo se gobierna en España», *EE*, n.98, 7.8.1923, p.1.

Restauración fose condear a caciques, corruptos e culpábeis do desastre da guerra de Africa, ou fose remedar o subdesenvolvemento crónico da España; chegaba así a afirmar «si serán llegadas las horas de ir viendo de dónde ha de venir la escoba que barra tanta basura. Tal vez en Italia podríamos encontrar el modelo».<sup>105</sup>

Do mesmo xeito, o periódico dos emigrantes abrírse progresivamente á propaganda nacionalista dende mediados de 1922, o que en boa parte vía favorecido polo feito de varios dos promotores e redactores de *El Emigrado*, asemade ex-emigrantes, militaren nas Irmandades e despois na ING -casos de Otero Abelleira ou de Manuel García Barros-; e tamén porque a ING encetou unha activa campaña de propaganda entre os medios agrarios<sup>106</sup>; así, comezan a sobexar artigos de opinión asinados por dirixentes ou intelectuais nacionalistas (sobre todo, de Vicente Risco, mais tamén en ocasións do nacionalista republicano A. Villar Ponte).<sup>107</sup> Realmente tiña lugar unha coincidencia xeral de plantexamentos entre o programa agrario dos nacionalistas (que á súa vez fôra inspirado polo propio agrarismo) e as solucións defendidas polos americanos: redención de foros, librecambio, libre importación do millo, cooperativismo, etc; ademais diso, o periódico reproducíu en sucesivos capítulos os diversos puntos do programa da ING. Esa actividade propagandística tivo certo eco: así, no maio de 1923 a Federación Agraria da Estrada acolle moi favorablemente e aproba por unanimidade o programa enviado pola ING ás sociedades agrarias de Galicia, e mesmo se plantexa convidar a nacionalistas ó próximo mítin agrario que se celebre na vila<sup>108</sup>; pouco tempo máis tarde, cando a Federación Agraria elabora o seu propio proxecto de redención de foros, envíao para pedirle-lo seu parecer en primeiro lugar a

Portela Valladares e a Vicente Risco, quen expresaba no agosto de 1923 a conformidade da ING co deseño elaborado polos estradenses.<sup>109</sup>

Ora ben, a demanda da autonomía política para Galicia pola parte dos agrarios non é nin moito menos tan intensa, como tampouco non o é pola parte dos americanos, para quen a reivindicación da autonomía política é máis ben unha engádega á demanda de descentralización administrativa e/ou a autonomía municipal: mesmo, García Barros había "afacer" a reivindicación nacionalista ós códigos políticos familiares de agraristas e americanos, apresentando a necesidade da autonomía política de Galicia en termos económicos e utilitaristas. Deste xeito, no abril de 1923, García Barros defendía para Galicia un estatus pouco menos que de Estado federado, que asumise a maioría das competencias ata entón do Goberno central agás defensa e relacións exteriores, o disfrute dunha sorte de "Concierto Económico", a supresión das Deputacións provinciais e maila súa substitución por unhas "Cortes Galegas" elixidas por sufraxio universal directo de homes e mulleres, mais nas que tamén cabería unha representación corporativa de gremios, entidades agrarias e obreiras e de profesións; asemade, establecía que os concellos inferiores a 3000 habitantes serían reemprazados por concellos parroquiais compostos por tódolos veciños; xustiza breve e gratuita, e supresión do 80% dos gastos de funcionariado; para nada figuraban neste proxecto aspectos como p.ex. a cooficialidade do idioma galego ou cuestións culturais.<sup>110</sup> Nembargantes, a autonomía de Galicia non sempre figuraba nos programas da Federación Agraria da Estrada (pesie figurar nas conclusións do Congreso rexional agrario de Tui de 1922), e rara vez nos manifestos das sociedades de instrucción do Distrito na Habana ou Buenos Aires,<sup>111</sup> aínda

<sup>105</sup> «Que venga una escoba», *EE*, n.77, 31.12.1922, p.1.

<sup>106</sup> Vid. J.G. BERAMENDI, *Vicente Risco no nacionalismo galego*, Santiago, 1981, vol.1, 28-32.

<sup>107</sup> Vid. p.ex. V. RISCO, «O asunto do millo», *EE*, n.98, 31.7.1923, p.1.

<sup>108</sup> Vid. *EE*, n.92, 31.5.1923, 1-2.

<sup>109</sup> Vid. «Federación Agraria», *EE*, n.101, 31.8.1923, 2-3; reproduce unha carta de Risco datada en Allariz a 7.8.1923.

<sup>110</sup> M.G.B., «A Autonomía», *EE*, n.88, 16.4.1923, p.1.

<sup>111</sup> Se se exceptúan intres "quentes" de mobilización ou protesta, como a magna asemblea celebrada polas sociedades de instrucción galegas da Habana no decembro de 1922 en protesta polos sucesos de Guillarei, na que as reivindicacións nacionalistas alentadas por algúns sectores da colectividade cobraron certa aceptación



que entre os promotores do nacionalismo galego en Cuba achábase precisamente Maximino Matalobos, impulsor dun fugaz *Partido Autonomista Gallego* na Habana en 1919.<sup>112</sup> É máis, malia publicar esporadicamente p.ex. algún manifesto independentista do Comité Revolucionario Arredista Galego da Habana,<sup>113</sup> non por iso deixaba *El Emigrado* de facer mentar na mesma páxina as fazañas heroicas en defensa de España dun soldado natural da Estrada na guerra de África, ou se sumaba á celebración do *Día de la Hispanidad* de 1922 defendendo a orixe galega de Colón.<sup>114</sup> Os frecuentes artigos de propaganda nacionalista abondaron para provocar a intervención nas páxinas do periódico do estradense Waldo Alvarez Insúa dende Madrid a mediados de 1923, en defensa do seu vedraño programa de autonomismo rexionalista que non supoñía negación do carácter nacional da España, o que á súa vez deu pé a unha intensa polémica con García Barros, quen mesmo chegaba a afirmar a “xustiza” da reivindicación independentista para Galicia, malia ficar nun programa autonomista.<sup>115</sup>

En todo caso, pódese afirmar que o nacionalismo ía gañando eco paseniñamente entre algúns sectores dos agrarios e dos americanos estradenses, endebén a tendencia quizabes máis xeral era a asimilación dunha nova terminoloxía para un programa rexionalista baseado na vella reivindicación da descentralización administrativa e da autonomía municipal: nunha conferencia pronunciada polo retornado e dirixente agrario Bernardo Mato Castro en Vinseiro, definiase á rexión como organismo natural inmediato ó concello, na que se daría cabida ós representantes de tódolos concellos e

da que haberían depender a maioría das funcións públicas desempeñadas polo Goberno central; mesmo, manifestábase partidario do federalismo, mais así e todo persistía a súa confusión conceptual: se para Mato a rexión era un ente natural non baseado en caprichos poéticos, tamén a definía como «nación natural», mais facíao simplemente, segundo el, para estar de acordo cos «modernos nacionalistas».<sup>116</sup>

Perante o golpe de Estado do xeneral Primo de Rivera no setembro de 1923, a reacción tanto dos americanos como dos agrarios estradenses foi nun comezo de pasiva aceptación, que nun segundo momento mudou en aprobación explícita. Ós poucos días do golpe, *El Emigrado* limitábase a dar conta laconicamente do programa dos directores do movemento militar, salientando os puntos referentes á moralización dos costumes, a intención de dar cabo ó problema de Marrocos, o abaratamento dos prezos dos artigos de primeira necesidade e a vontade de proceder a unha «descentralización benéfica».<sup>117</sup> Ora ben, xa a fins de setembro a Federación Agraria estradense espuxo publicamente ó Directorio que gobernaba España «con un sano deseo de regeneración nacional» o seu proxecto de redención de foros elaborado meses antes, presentándoo como posíbel solución fronte ó avance dos defensores do impago das rendas.<sup>118</sup> O novo réxime recibiu na Estrada adhesións tanto do Centro de Emigrados como da Federación Agraria, da asociación de mestres e dos concelleiros en minoría do Axuntamento, e mesmo xa o día 20 de setembro unha comisión da Federación Agraria visitou o Goberno Militar de Pontevedra para presentar un memorando coas súas reivindicacións.<sup>119</sup> É

puntual: vid. *EE*, n.79, 16.1.1923, p.2,

<sup>112</sup> Vid. NÚÑEZ SEIXAS, *O galeguismo*, cit., p.111.

<sup>113</sup> Vid. p.ex. «Dos nazionalistas galegos de Cuba», *EE*, n.84, 16.3.1923, p.2.

<sup>114</sup> B. DE GODÓY, «El centenario de la perpetuidad de la raza», *EE*, n.69, 16.10.1922, p.1.

<sup>115</sup> Vid. W. ALVAREZ INSÚA, «Nuestro Ideal», *EE*, n.93, 16.6.1923, p.1; id., «Lo que deben saber nacionalistas y autonomistas», *EE*, n.98, 7.8.1923; o retruco de M.G.B. «Temas nacionalistas», *EE*, n.100, 24.8.1923, p.1.

<sup>116</sup> Vid. B. MATO CASTRO, «El bienestar como resultado de una buena educación», capítulo 15, *EE*, n.100, 24.8.1923, p.2.

<sup>117</sup> «Golpe de Estado», *EE*, n.103, 16.9.1923, p.4.

<sup>118</sup> «Aspiraciones gallegas. El problema de los foros», *EE*, n.104, 30.9.1923, p.1.

<sup>119</sup> *EE*, n.104, 30.9.1923, p.4. A Federación Agraria, polo demais, en xunta celebrada o día 24, aprobou por unanimidade a xestión e mesmo ese día reingresou na Federación o Sindicato Agrícola de Pardemarin cos seus 400 socios, á vista do pulo que aquela parecía cobrar de novo.

máis, García Barros chega a interpretar que o Directorio non só levaría adiante o proxecto de Ferrocarril Central de Galicia, senón que tamén concedería a arelada autonomía ás rexións hispánicas, de xeito que «las regiones españolas, hasta ahora atadas con la soga caciquil a un centralismo avasallante puedan satisfacer sus ansias de vida [...] Tal vez sean llegados los tiempos. Esos hombres viriles y animosos que echaron mano a las riendas del Estado que corría desenfadadamente al precipicio [...] no podrán mirar impasibles e indiferentes las legítimas aspiraciones galicianas».<sup>120</sup> As esperanzas no novo réxime dictatorial, xa que logo, eran grandes, e iso vai ter continuidade na colaboración tácita que se establecerá no sucesivo entre a *Confederación Regional Agraria* e a Dictadura. Non obstante, e especialmente en Buenos Aires, os emigrados non reaxirán con tanta condescendencia perante o réxime dictatorial; na Habana as reaccións serán máis encontradas, e de feito en marzo de 1924 o dirixente dos estradenses de Cuba J. Loureiro García defendía a necesidade de sumarse ó proxecto de Mancomunidade galega promovido polo Directorio, e mesmo de «llevar a la más alta representación nacional, al Congreso de los Diputados, a los elementos regionalistas de ideas sanas y puras como el doctor Waldo Alvarez Insúa».<sup>121</sup>

No que se refire ás actitudes fronte á cuestión social mantidas polos americanos e polo seu voceiro oficioso, pódese resumir nunha posición de reformismo gradualista e alonxado de posicións “radicais”. Iso ponse de manifesto tanto nas solucións propostas á cuestión dos foros como nas súas opinións verbo dos problemas obreiros.

Fronte ó problema foral, é sumamente raro atoparmos nas páxinas de *El Emigrado* chamamentos ó impago de rendas por parte dos labregos, o mesmo que, fóra de intres moi circunstanciais, non se opta pola postura

abolucionista, agás ocasionalmente nos manifestos das sociedades dos estradenses na América (sobre todo, dos de Buenos Aires). Polo contrario, normalmente se manifestan opinións contrarias ós métodos violentos ou ás “folgas de agricultores”, que segundo García Barros serían inúteis e a maiores reducíbeis a «las eternas luchas de partido a que los arrostran ciertos corifeos»,<sup>122</sup> mentres outro colaborador teimaba, citando a Joaquín Costa, en que a única folga xusta que podía declarar o labrego era non tributar a un Estado ineficaz que non lle reportaba beneficio ningún en troco dos seus impostos: perante o silencio do contribuínte labrego, o fisco seguía a aumentar as súas cargas, co que medraban

*«las ansias de mejoramiento de las demás clases sociales, que pían constantemente por aumento de sueldo y disminución de horas de trabajo, sin meditar ni unos ni otros hacia qué lado cae ese filón, que muchos creen inagotable, sin meditar de que todo sale del campo o de la emigración y de que el caudal de estas fuentes también tiene sus límites»*<sup>123</sup>

Aí se albiscan algunhas claves: a idea de que os labregos son produtores, e non asalariados, e polo tanto a incompatibilidade entre demandas obreiras e demandas labregas. Na busca dese xusto medio para todo, a Federación Agraria da Estrada elaborou a mediados de 1923 un programa para a resolución do problema foral, que se agardaba contentase «a tenedores y pagadores de foros; a abolucionistas y redencionistas»: o proxecto contemplaba simultaneamente unha abolición dos foros sen título de propiedade dende o intre mesmo de promulgación da lei, asemade o vencemento de todo dereito foral ó cabo de 25 anos dende a publicación daquela; e máis unha redención, que sería obrigatoria durante eses 25 anos para os tenedores de foros e voutaría para os

<sup>120</sup> M.G.B., «Aspiraciones gallegas. Nuestro ferrocarril», *EE*, n.105, 7.10.1923, p.1.

<sup>121</sup> J. LOUREIRO GARCÍA, «Acotaciones del momento», *Galicia*, La Habana, 2.3.1924. Sobre as reaccións das colectividade galegas de Cuba e de Buenos Aires fronte ó Directorio, vid. NUÑEZ SEIXAS, *O galeguismo*, cit., 118-19 e 139-68.

<sup>122</sup> M.G.B., «La mejor huelga», *EE*, n.74, 30.11.1922, p.1. Coidaba García Barros, pola contra, que os labregos farían mellor mobilizándose a prol do librecambismo.

<sup>123</sup> A.B.C., «La mejor huelga», *EE*, n.102, 7.9.1923, 2-3.

pagadores; se éstos non puidesen ou quixesen redimir, haberían paga-la súas rendas ata remata-lo prazo de 25 anos; así mesmo, establecíanse diversas facilidades de pagamento para redimi-los foros.<sup>124</sup>

No referente ós problemas obreiros, o Centro de Emigrados da Estrada desempeñou en varias ocasións o papel de árbitro e conciliador entre as sociedades obreiras da vila e os patróns e mestres de obras. Ó longo do ano 1922, tanto o *Centro Obrero* estradense como os mestres de obras dispuxeron de tribuna aberta nas páxinas de *El Emigrado* para defenderen os seus respectivos puntos de vista, mesmo para atacarse asañadamente, sen que o periódico engadise comentos propios. Mais, cando a *Sociedad de Oficios Varios* da Estrada anuncia no outubro de 1922 o seu propósito de pedir para o ano 1923 un aumento de xornal e unha redución de xornada (a 8 horas diarias) para os obreiros da construción que traballaban nas aldeas,<sup>125</sup> o Centro de Emigrados tivo que axir de intermediario nas negociacións cos mestres de obras -que non aceptaban esas condicións-, ata que á final conqueu que prevalecese o criterio dos americanos de non rebaixar as horas de traballo, malia que aumentasen os xornais.<sup>126</sup> A fin de contas, esa solución salomónica correspondíase bastante ben co que un colaborador baixo pseudónimo establecía como principio creador de riqueza dos pobos: «Paz y trabajo», mentres se criticaba o réxime dos soviets na Rusia e o xulgado fracaso das colectivizacións, que só conlevarían fame e miseria.<sup>127</sup> Nesa onda, os retornados teiman claramente no típico ideal pequeno-burgués (característico de pequenos comerciantes urbanos que moitos foran na América ou deviran na Estrada) da “especialización”, é dicir, que cada produtor teña garantida unha cota de mercado; mais non por iso se opoñían ó progreso técnico, senón que tendían a buscar unha compatibilización entre ese principio e mailo mantemento das estruturas productivas: así se fixo evidente, p.ex., a mediados

de 1923, co gallo do conflito xurdido na Estrada entre as sociedades obreiras e mestres, e varios obradoiros de carpintería e ebanistería dotados de motor eléctrico e instalados recentemente na vila, xa que os obreiros esixían que ese taller pechase ou cando menos limitase a súa produción, recorrendo mesmo a medidas violentas; requerida a intermediación do Centro de Emigrados, éste fixo pública unha nota na que laiaba os incidentes e afirmaba a súa simpatía polos obreiros: mais, malia ostentar ideas sociais «tan avanzadas como el que más», tamén se declaraba favorable á liberdade de traballo, «tan preciosa, por lo menos, como cualquier otra de las libertades del hombre», e ó progreso técnico na industria e das máquinas «que simbolizan el progreso de los pueblos, contribuyen al abaratamiento de la vida y redimen al obrero del trabajo bruto y excesivo».<sup>128</sup> Perante a falla de eco do seu chamamento á concordia, *El Emigrado* víuse obrigado a terciar de novo no conflito, tentando propór unha solución que contentase a todos: na Estrada habería traballo para todos, sobre todo se se abarataba a man de obra; dado que na vila e nas aldeas se mercaba grande cantidade de mobles, mais non había fábrica de mobles na Estrada, propoñían algo tan sinxelo como que se fundase unha ou varias delas, para así dar traballo ós obreiros, dar artigos máis baratos ós consumidores e unha saída ás madeiras dos labregos.<sup>129</sup> Non semella, porén, que unha solución tan sinxelamente inxenua puidese contentar ás partes en conflito; mais en todo caso traslucía os plantexamentos sociais dos americanos (ou, polo menos, de boa parte dos retornados).

### III. A MOBILIZACIÓN POLÍTICA EN GALICIA E O SEU EFECTO CATALIZADOR NAS COLECTIVIDADES GALEGAS DE AMÉRICA

Aínda que proxectos de federación a diversos niveis de sociedades de instrución, con fins utilitarios e desprovistos de contido político directo (é dicir: buscaban unha maior

<sup>124</sup> «El problema foral. Su mejor solución», *EE*, n.98, 31.7.1923, 1-2.

<sup>125</sup> Vid. *EE*, n.70, 24.10.1922, p.3.

<sup>126</sup> Vid. *EE*, n.81, 16.2.1923.

<sup>127</sup> «Fracaso de un régimen», *EE*, n.49, 16.3.1922, p.1.

<sup>128</sup> «Para los obreros de Estrada», *EE*, n.98, 31.7.1923, p.3.

<sup>129</sup> «Para los carpinteros de Estrada. Hay para todos», *EE*, n.99, 7.8.1923

eficacia das iniciativas escolares sostidas en Galicia) xa se rexistran dende fins da primeira década deste século, tanto na Habana coma en Buenos Aires,<sup>130</sup> é posíbel afirmar que boa parte deses estímulos cara a unha reorganización federativa das sociedades de instrución americanas proviñan da mesma Galicia, vehiculándose tanto ó nivel comarcal como ó nivel provincial ou galego.<sup>131</sup> Os intermediarios no proceso serán as élites intelectuais das colectividade galegas en América, en varios casos emigradas recentemente, e directos catalizadoses serán tamén as visitas en xira de propaganda dos líderes políticos do agrarismo. Xa no 1907, no intre do seu máximo auge, a *Solidaridad Gallega*, alianza de agraristas, rexionalistas e republicanos que buscaba romper en Galicia o monopolio político dos partidos turqueses, empezou a proxectarse conscientemente sobre as comunidades galegas de Buenos Aires e La Habana: o partido creou unha sección especializada para contactar coas Sociedades de Instrucción, e as adhesións individuais de moitas delas sobexaron na prensa do movemento, ó igual que nas páxinas do periódico agrario-rexionalista *A Nosa Terra* (1907-08). Varios periódicos galego-americanos, como *Galicia e Follas Novas* da Habana, en Buenos Aires *Eco de Galicia* e *Nova Galicia*, simpatizaron abertamente co movemento solidario.<sup>132</sup> Eses contactos non chegan a concretarse máis, en boa parte pola pronta perda de vigorosidade da *Solidaridad Gallega*: mais os seus ecos non deixaron de chegar. Así, xa no 1908 formóuse na colonia galega de Cuba un *Comité*

*Redencionista*, presidido primeiro polo obreiro litógrafo e promotor do rexionalismo Xosé Fontenla Leal, máis tarde polo poeta galeguista Ramón Cabanillas; e entre 1909 e 1910 pódese observar un abrollar de publicacións agraristas galegas na Habana.<sup>133</sup> Non foi allea a esta fervenza a viaxe a Cuba en 1909 dun delegado directo do Directorio Campesino de Teis, Emilio Rodal, comisionado para recaba-lo apoio dos emigrados á loita antiforal e tendo como exemplo invocado ós irlandeses de Norteamérica. O labor de Rodal en Cuba foi, aparentemente, moi fructuoso: creárase na Habana un Comité Antiforal, e celebróuse no Centro Galego da cidade unha grande asemblea na que se adoptou, entre outros acordos, o de adherirse á campaña redencionista, abrindo unha subscripción pública para atender ós gastos de propaganda agrarista. A contribución económica final, nembargantes, foi menor do agardado, mais polo menos contribuíu a que o agrarismo botase raiceiras máis fortes entre as sociedades galegas de Cuba. Síntoma do cal foi o sinalado aumento de publicacións anticaciquís, asemade, podemos afirmar, o nacemento no novembro dese ano do *Comité Representativo de las Sociedades Gallegas de Instrucción* da Habana, primeira federación de acado macroterritorial das Sociedades galegas na América, a cal, malia non formular explicitamente obxectivos políticos no seu regulamento, si que expresou ó longo da súa actuación o seu rexeitamento do caciquismo e os seus propósitos *rexeneradores* da sociedade galega, proxección sen máis do ideario das sociedades membros.<sup>134</sup>

<sup>130</sup> Este foi o caso da *Federación de Residentes de Teo en Sud América*, constituída en Buenos Aires no 1909, que agrupaba a 4 sociedades parroquiais do concello coruñés de Teo, endebén a revista mensual *Teo* (dende 1910), máis tarde *Unión de Teo y Vedra* (ó fusionarse coa *Federación de Vedra*), foi adoptando progresivamente un carácter político anticaciquil e progresista; ou das Sociedades de Instrucción do concello de Ortigueira, que chegan a unha *Federación* en 1922 co fin, diante todo, de incrementa-la súa forza fronte ós adversarios do seu labor en Ortigueira, é dicir, o clero reaccionario e mailos elementos cercáns a el, que se apoiaban ás escolas laicas sostidas polos emigrantes, mais que se non vencellaba tampouco a obxectivos políticos/anticaciquís explícitos. Vid. PEÑA SAAVEDRA, op.cit., vol.I, 667-75.

<sup>131</sup> Un exemplo de proxecto de coordinación territorial a nivel galego ofrecíao o político liberal ortigueirés Leandro Pita-Sánchez Boado, quen nun escrito de 1919 (*Asociaciones agrarias*) concretaba a necesidade dun apoio mutuo e organizado, ó nivel municipal, das sociedades de instrución americanas ás agrarias, de acordo un ideal reformista, alleo á "intolerancia" que predicarían católicos e socialistas. Vid. o escrito reproducido en PEÑA SAAVEDRA, op.cit., vol.II (anexos), 489-96.

<sup>132</sup> Vid. *A Nosa Terra*, n.18, 12.12.1907, p.5.

<sup>133</sup> Vid. X. NEIRA VILAS, *A prensa galega de Cuba*, Sada-A Coruña, 1985, p.35.

<sup>134</sup> PEÑA SAAVEDRA, op.cit., vol.I, 680-81.

Rodal viaxou a Buenos Aires no outubro de 1910, comisionado pola nova organización agrarista constituída en Madrid a mediados dese mesmo ano, a *Liga Agrario-Redencionista*. O emisario celebrou varios mítins e actos de propaganda na capital arxentina (no Teatro Avenida, no Teatro Buenos Aires, organizado pola Federación de Residentes de Teo) e conseguiu que, formada por representantes de varias sociedades galegas (os Centros Gallegos de Buenos Aires e Avellaneda, o Orfeón Gallego, e algunhas Sociedades de Instrucción) se constituíse unha xunta de *Unión Redencionista Gallega* en Buenos Aires, cuxas conclusións programáticas establecían claramente o seu propósito de influir na vida socio-política galega:

«1. *Secundar con el mayor celo la campaña redencionista iniciada en Galicia contribuyendo con tal objeto al sostenimiento del Centro Redencionista que se creará en Vigo con la protección y el apoyo de los gallegos inmigrados en otros países [...].*

2. *Estrechar los lazos de unión y solidaridad entre todos los coterráneos y las sociedades regionales existentes o que se constituyan en la República Argentina y con las demás entidades redencionistas gallegas [...].*

3. *Procurar la creación de sociedades redencionistas filiales, una al menos por cada distrito de Galicia.»*

...así ata completar un programa de 8 puntos, no que tamén se incluían propostas de carácter mutualista.<sup>135</sup> Nembargantes, todos estes proxectos acabaron por resultaren vâns á postre, quizabes por demasiado ambiciosos, e porque a propia inestabilidade organizativa

interna do movemento agrarista facía difícil a coordinación de esforzos alén do ámbito local/comarcal. O proceso de politización das comunidades galegas en América se enfortecerá, non obstante, coa nova visita a América dun enviado agrarista, mais esta vez será un líder de entidade e carisma: o cura de Beiro, Basilio Alvarez, fundador e líder da *Acción Gallega*, creada en 1909 e que respondía ó “agrarismo neutro”, laico, reformista e de tendencias republicanas, sendo a frente agraria que a partir de 1912 galvanizará a axitación anticaciquil e antiforal no rural galego ata, practicamente, 1923. En Buenos Aires reorganizaráse a loita antiforal cara a 1912, seguindo a estela de *Acción Gallega*, e se constituirá no abril de 1913, despois dunha reunión no Centro Gallego das “forzas vivas” da colectividade galaica, unha *Liga de Acción Gallega de Buenos Aires*, integrada por varios xornalistas, o propio delegado de *Acción Gallega* na capital arxentina, e algúns dirixentes de sociedades de Instrucción, convocándose na comisión consultiva da mesma a tódolos presidentes das sociedades galegas de Buenos Aires.<sup>136</sup> Xa no agosto dese ano celebróuse un grande mitin e colectas a prol do movemento antiforal por parte da delegación porteña de *Acción Gallega*.<sup>137</sup> Síntoma do novo ambiente de mobilización foi a aparición nesta cidade da coidada revista galega *Suevia*, dirixida por Xaquín Pesqueira e J.Pena Bustillo, na que se sintetizaron obxectivos agraristas e rexionalistas, como xa expresaba dende o seu primeiro editorial:

«...política nuestra será la defensa enérgica, legal y honrada de Galicia. De las libertades regionales que necesita. De las mejoras que exige. Y requerir remedios de abandonos.

<sup>135</sup> Vid. A. VILANOVA RODRÍGUEZ, *Los gallegos en la Argentina*, Buenos Aires, 1966, 1038-39.

<sup>136</sup> Vid. *Suevia*, Buenos Aires, 12.4.1913 e 26.4.1913. Xa a comezos de abril se celebrara no Centro Gallego unha xuntanza de sociedades galegas para cambiar impresións cara ó posíbel apoio a *Acción Gallega*, á que acudiron representantes do Centro Galego, Confederación de Teo, *Orfeón Gallego Primitivo*, *Unión Residentes de Outes*, *Centro Pro-Escuela de Bandeira*, *Centro Pro-Escuela de Bugallido y Ortoño*, Residentes de Vedra, *U.H.A. Pro-Valle Miñor*, *Hijos de Lalin*, e algúns persoaxes a título individual. Nela non houbo demasiado acordo, ó botarse en falla un programa máis artellado e definido por parte dos agraristas galegos. De tódolos xeitos, a atención dispensada a *Acción Gallega* pola prensa galaico-porteña foi moi notábel no sucesivo, comezando polo principal periódico, *Correo de Galicia*, propiedade do veleidoso maurista José R. Lence (vid. p.ex. *Correo de Galicia*, 30.11.1913).

<sup>137</sup> Vid. A. VILANOVA RODRÍGUEZ, op.cit., p.1040. No mitin interviron o presidente de *Acción Gallega* en Buenos Aires, Manuel Figueras; Luís Sánchez, xornalista; Ares de Parga, Julio Carballo, José M<sup>a</sup> Lence, Olegario Teso, etc.

*Remedios para las crueldades que un absurdo y corrompido centralismo comete de mancomún con un caciquismo formado por canallas y salteadores de vida y haciendas [...] El movimiento regionalista que, formidable, comienza a resurgir en Galicia, como una realidad prometedora de bienandanzas, necesitaba aquí un portavoz. Tal es el porqué de la aparición de SUEVIA.»*<sup>138</sup>

O adversario principal das sociedades galegas de instrucción pasará a ser identificado co centralismo, implicando con el ó caciquismo -o seu axente transmisor-, as cargas forais e impostos abusivos.<sup>139</sup> Xa dende *Suevia*, polo demais, formularáanse chamamentos insistentes a unha acción mancomunada e coordinada das asociacións galegas de Buenos Aires para da-la batalla ó centralismo, apelando á posibilidade de formaren unha confederación de sociedades galegas pro-agrarias e de certo cariz rexionalista,

*«Tenemos que mancomunarnos si en realidad nos honramos con pertenecer a la noble e hidalga raza céltiga y si queremos libertar de los sayones del centralismo, la región que va hundiéndose poco a poco [...] Convóquense las directivas de las muchas asociaciones gallegas que existen en Buenos Aires, para dar la batalla al centralismo, cuyos resultados reportarán a Galicia incalculables beneficios. Háganlo, aunque después sigan independientes como hasta ahora.»*<sup>140</sup>

Este proxecto de Confederación, con todo, non se concibía de xeito arredado das propostas

de Confederación de tódalas sociedades hispánicas que circulaban en Buenos Aires no 1913, se ben o proxectado Congreso de "Confederación Española" a celebrar nese ano a iniciativa de *El Diario Español* fracasou, entre outras razóns, polas diverxencias interrexionais entre as diversas asociacións hispánicas.<sup>141</sup>

Aínda que o paso de *Suevia* polo panorama da prensa galega en Buenos Aires foi fuxidío (xaneiro-xuño de 1913), sentou certos alicerces para o futuro, e así mesmo constituíu un bó síntoma de que as élites intelectuais e políticas da colectividade galega encontraban puntos de confluencia co agrarismo e o rexionalismo (nos que tamén se apuntaba a posterior recepción, após 1916, do nacionalismo), e sobre todo que se avanzaba claramente no artellamento dun proxecto socio-político de índole territorial galega, baixo a influencia dos estímulos recibidos do país de orixe, que penetraban a diversos niveis. Bo exemplo desa politización da actividade das Sociedades de instrucción será a actividade incansábel de un dos principais propagandistas do agrarismo rexionalista en Buenos Aires, o director de *Nova Galicia* Fortunato Cruces, quen xa interviñera dende comezos de século en varias asembleas fundacionais de Sociedades de instrucción. Cruces levará a cabo a partires de 1912 toda unha campaña de mítins agraristas entre elas: así, na súa intervención en decembro de 1913 na *Sociedad Hijos de Mondoñedo*, afirmaba:

*«...ha de verse Galicia transformada respecto a su vida laboriosa, de progreso y de paz, con el exterminio de alacranes y sanguijuelas caciquiles y con el calor saludable de*

<sup>138</sup> «Al Nacer», *Suevia*, n.1, xaneiro 1913.

<sup>139</sup> Así, p.ex., Julio Carballo clamará contra do centralismo, «absurdo, expoliador, mantenedor de vagos y de presupuestivos», xa que existiría unha «tenebrosa urdimbre [...] entre centralismo y caciquismo eslabonados íntimamente entre sí, prestándose mutuo apoyo y viviendo éste a expensas de aquél». Por iso, loitar contra do caciquismo era loitar contra do centralismo, e viceversa: «Galicia para prosperar, Galicia para entrar en el concierto del derecho, necesita su autonomía, fórmula que habrán de buscar los gallegos, prescindiendo ante todo de la viciosa aorganización de las diputaciones provinciales [...] para hallar como medio necesario de regeneración, municipalidades encargadas del bien común, y no conglomerados de lacayos azotados por el látigo del cacique» («También Galicia», *Suevia*, n.9, 26.4.1913, 11-12).

<sup>140</sup> O. TESO, «Todo pol-a Terra, paisanos!», *Suevia*, n.2, 8.3.1913.

<sup>141</sup> Vid. A.E. FERNÁNDEZ, «El mutualismo español en Buenos Aires 1890-1920: un estudio de caso», *Cuadernos de Historia Regional*, Luján, 3:8 (1987), p.54. *Suevia* (26.4.1913) mostrábase a prol do Congreso, endebén matizaba o seu fin utilitario para «los hijos de las distintas nacionalidades que integran hoy día el Estado español».





6.- Mitin de "Acción Gallega" na provincia de Ourense.

una autonomía [...] Y en esa batalla de regeneración al lado de los apóstoles que de aldea en aldea van buscando soldados, está en alerta, una retaguardia poderosa, los emigrados en América, las sociedades galaicas y la prensa regional.»<sup>142</sup>

Atal actividade continuou ó longo de 1914. Cruces recollía o ideario rexeneracionista-reformista característico das sociedades de instrucción, baseado na instrucción individual como medio fundamental de promove-lo progreso, mais dotáballe dun acado máis amplo: un proxecto a nivel galego, no que a

autonomía do país se vencellaba directamente á rexeneración social para erradica-lo caciquismo.<sup>143</sup> Así, o propio Cruces lanzou no abril de 1914 o proxecto de constitución dunha Confederación de sociedades galegas de Buenos Aires que puidese abranxer 70 Xuntas Directivas de sociedades de instrucción (ademais do Centro Galego e de Orfeóns, asociacións culturais, etc.), que, porén, non chegou a callar.<sup>144</sup>

A politización do asociacionismo galego de alén mar, e especialmente en Buenos Aires, avanzou coa xeira propagandística de Basilio Alvarez por América, primeiro a Cuba en

<sup>142</sup> Vid. F. CRUCES, *Cousas gallegas*, Buenos Aires, 1928, p.26.

<sup>143</sup> Así, p.ex., no seu discurso perante a sociedade *Hijos de San Julián de Sales* (4.4.1914) definiu claramente esa fusión agrarismo-rixionalismo: «En un Arco-Iris que circunda nuestra tierra se grabó un lema de esperanza, resurgió precisamente de la acción de las Sociedades gallegas y de la oratoria del cura de Beiro. 'Galicia y redención', o lo que es lo mismo, lucha reformista, económica-político-agraria. La creación del Poder regional, sin herir la unidad del Estado. O como decia el Apóstol Alfredo Brañas: 'Queremos el individuo libre, en la familia libre; el Municipio libre, en la Provincia libre; y la Región libre, dentro del Estado libre'» (ivi, p.42). Non se xustificaba a reivindicación autónoma de Galicia en base ás súas características culturais, étnicas, etc., diferenciais, senón que se postulaba como un medio de rexenerar o conxunto de España: «El centralismo español es una máquina destructora del bien; es un Madrid apestado de favoritismos en perjuicio del adelanto de las Regiones, sosteniendo con fondos de las regiones una colmena nacional de inactivos e improductores; ese centralismo es un pozo sin fondo que se traga la savia de nuestros pueblos provinciales, y absorbe todos los sudores y aniquila juventudes. El regionalismo es aurora que renueva luz y oxígeno, tonifica cerebros, produce labores, acumula economías y bendice hogares» (Ivi, 49-50).

<sup>144</sup> O proxecto foi anunciado na velada da Sociedade *Hijos de San Julián de Sales*. Vid. CRUCES, op.cit., p.43.

marzo de 1913,<sup>145</sup> onde pronunciou varios mítins e mesmo publicou a súa obra máis "incendiaria", *Abriendo el surco*,<sup>146</sup> establecendo elos duradoiros coas sociedades de instrucción cubanas que perdurarían ata os anos 30. Nembargantes, a visita de Alvarez non foi tan decisiva en Cuba para inducir un proceso de meirande politización das sociedades galegas, o que quizabes estea relacionado coa decadencia progresiva da importancia socio-política e da influencia da colonia galega da illa caribeña sobre a mesma Galicia, que se contraponía coa progresiva preponderancia que ían adquirindo as colectividades galegas do Plata, o que se acentuará coas crises caribeñas do azucre dende 1920; ademais diso, a propia *Acción Gallega* entrou nun período de maior inactividade trala volta de Alvarez de Cuba.<sup>147</sup> Tampouco a síntese operativa entre rexionalismo e agrarismo foi en Cuba tan efectiva coma en Buenos Aires, aínda que non deixou de haber tímidos tentos; de xeito que cando xurdirán grupos nacionalistas, bastante importantes, na colectividade galega da Habana dende 1917/18, éstos verán considerabelmente limitado o seu radio de acción e influencia.<sup>148</sup>

Basilio Alvarez tamén visitou Buenos Aires no xullo de 1915, atraído pola meirande atmosfera de mobilización que se respiraba na colectividade galaico-porteña, e pronunciou varios discursos (no Teatro Politeama, p.ex, o 25 de xullo, agasallado polo Centro Gallego, que o

apresentou coma o «apóstol de la redención de Galicia» e o nomeará socio de honra<sup>149</sup>). Trala súa visita, a súa lembranza remaneceu viva, servindo ademais de estímulo para a politización do panorama societario galaico: perdurou durante cáse unha década un Centro Agrario na capital porteña, fundado no 1915 co obxectivo de «propiciar la campaña que en Galicia sostiene D.Basilio Alvarez»<sup>150</sup>, do que dependía a *Liga de Acción Gallega* de Buenos Aires (filial arxentina do movemento agrario). Ésta interveu activamente na constitución dalgunhas sociedades de instrucción, como a importante sociedade *Hijos del Distrito de Salceda* no abril de 1915, en cuxa asemblea fundacional o inefábel Fortunato Cruces exhortaba a apoiar «las suscripciones realizadas para suavizar desgracias aún en favor de enemigos afiliados al caciquismo local, y nuestro apoyo decidido a la buena prensa», é dicir, á prensa agrarista e anticaciquil, «Aún faltan por formarse nuevas Sociedades que agrupen hermanos de cada Ayuntamiento. Pues la obra grandiosa a realizarse de Acción Gallega requiere la existencia de tales agrupaciones unidas a la buena prensa».<sup>151</sup> Aínda que menos activo, un labor notábel será tamén o desenvolvido nese senso polo avogado chantadino José Costa Figueiras, presidente da Asociación *Chantada y su partido* de Buenos Aires, quen despois voltará cara a 1922 a Galicia e fundará un periódico na súa vila natal, *El Regionalista*, pro-agrario e

<sup>145</sup> Dende Buenos Aires, presentábase a Basilio Alvarez coma o «Parnell gallego», cuxa viaxe marcaría o «principio de la revolución espiritual de Galicia»: vid. «El Parnell gallego en América. El viaje del cura de Beiro», *Suevia*, 26.4.1913, p.1.

<sup>146</sup> Vid. B. ALVAREZ, *Abriendo el surco. Manual de lucha campesina* (ed. de J.A. DURAN), Madrid, 1976. O líder agrario enardeceu ós asistentes ós seus mítins coa súa belida oratoría, na que alentaba ós emigrados a se-lo «cuerpo de Estado mayor y el cuadro de oficiales» do exército agrario que loitaría pola redención de Galicia. O programa concreto, nembargantes, era moito máis impreciso: «¿Programa? Primero, una política negativa, de destrucción, si queréis; una política quirúrgica, de amputación de todo lo viejo, de todo lo leproso, de todo lo gangrenado [...] una política que desbanque la estatua de Elduayen de su pedestal y que la reemplace por la de un maestro de escuela o la del director de una granja agrícola. Después [...] una política de honradez y humanidad, una política de cultura y de despensa, una política que cierre contra todo lirismo y que ahogue todo impulso poco práctico, una política de acción, de surco, donde se proscriba el balduque y el expedienteo» (p.105).

<sup>147</sup> VILLARES, *La propiedad*, cit., p.384.

<sup>148</sup> Para unha exposición máis detallada, vid. X.M. NÚÑEZ SEIXAS, «Inmigración y galleguismo en Cuba (1879-1936)», *Revista de Indias*, LIII:197 (1993), 53-95.

<sup>149</sup> Vid. VILANOVA RODRIGUEZ, op.cit., p.1323.

<sup>150</sup> *Suevia* (2ª época), n.1, xaneiro/1916, p.xv.

<sup>151</sup> F. CRUCES, op.cit., 49-50.

moderadamente rexionalista.<sup>152</sup> A ese proceso de progresiva politización non deixou de contribuir o feito de que algunhas das sociedades galegas, que contaban dende as súas orixes con fins claros de apoio ás sociedades agrarias da súa bisbarra, contaban ademais entre as súas ringleiras con numerosos membros influídos polo sindicalismo ou socialismo arxentinos: un caso pode se-lo do xa visto *Comité Auxiliar de las Sociedades Agrícolas de Puenteareas*, liderado por Angel Martínez Castro ou os irmáns Piñeiro Groba, vencellado ó podente agrarismo da rexión baixomiñota, e do que rexistramos toda unha xeira de mítins en Buenos Aires durante 1916, utilizando os locais do Centro Socialista (Mexico 2070).<sup>153</sup> A orientación progresiva cara a posicións socialistas deste comité se reflicte tamén noutras sociedades de emigrados do Baixo Miño formadas após 1916 en Buenos Aires, que intervirán directamente na creación de sindicatos agrarios en Galicia: caso das sociedades *Hijos de Fornelos y Aneiros*, ou *Hijos de Moreira* en 1919 e 1921, do *Centro Puenteareano* ou da xa mentada *Unión Progresista del Distrito de Salvatierra de Miño*, que colaborará activamente coa Federación Agrícola de Puenteareas na creación de sindicatos agrícolas.<sup>154</sup> Carácter así mesmo combativo no social amosará o novo voceiro dos residentes de Teo en Buenos Aires, *El Eco de Teo*, dirixido polo despois arredista Manoel Oliveira. Igualmente, mostras desa actividade pro-agrarista se aprecian no proceso reorganizador de sociedades comarcais da provincia da Coruña, que embocou na formación dunha *Federación de Sociedades Agrarias e Instructivas de la Provincia de La Coruña* cara a 1917.

Os adalides agraristas de Buenos Aires se manterán activos e en pé de guerra, concentrados na actividade de apoio ás sociedades

agrarias de Galicia, aínda que tenderon a seguir dinámicas máis ben comarcais: a nivel de todo o país, rara vez frotificaron con certa estabilidade iniciativas unificadas entre 1915 e 1921, en parte porque a propia *Acción Gallega* de Basilio Alvarez sufriu altibaixos na súa existencia política.

Un novo pulo reorganizador, nembargantes, virá dado pola constitución en Buenos Aires, no ano 1921, dunha *Federación de Sociedades Gallegas, Agrarias y Culturales*, (FSG), que responde precisamente a esa orientación progresiva cara á esquerda de parte das sociedades de instrucción emigradas. Varios dos primeiros líderes do “rexeneracionismo” de carimbo agrario-rexionalista ficarán un tanto ourelados, ou concentraránse na promoción do nacionalismo galego ó traveso da primeira asociación deste cariz en Buenos Aires, a *Asociación Regionalista “A Terra”* (caso, p.ex., de I. Ares de Parga, quen aínda a comezos da década dos 20 predicaba unha síntese de rexionalismo, rexeneracionismo e agrarismo;<sup>155</sup> de Julió Carballo, X. Pesqueira, Oitabén, etc.).<sup>156</sup> As orixes da FSG están vencelladas de feito coa dinámica federativa das sociedades de instrucción e coa politización progresiva das mesmas que xa estaba en marcha dende 1910. Mais é unha nova xeración de líderes de sociedades galegas, considerabelmente influídos polo socialismo arxentino e que polo tanto representaban unha superación do rexeneracionismo reformista den anterior, a que leva a cabo ese proxecto. A iniciativa corresponderá ó mestre pontevedrés e por entón ardesí socialista Antón Alonso Ríos,<sup>157</sup> ó chófer Bonifacio Botana (directivo da *Unión Galaico-Americana*) e ós directivos da *Sociedad de Moraña*, Manuel San Luís e Ramón Villaverde, quen no 1920 concibiron un proxecto de federación de sociedades

<sup>152</sup> Vid. J. COSTA FIGUEIRAS, *Por tierras del Plata (mosaico de impresiones)*, Madrid, 1921.

<sup>153</sup> Vid. *Suevia* (2ª época), n.3, 5.2.1916, p.xvi.

<sup>154</sup> HERVÉS SAYAR, *Agrarismo*, cit., 55-56.

<sup>155</sup> Este dirixirá no 1922 un chamamento a Basilio Alvarez para que reaviveza Acción Gallega, transformándoa nun movemento cívico e rexenerador, de cariz rexionalista (invocando o exemplo de Cataluña) e que fose quen de proceder á «capacitación cívica de las masas populares conforme a un programa de bien definida orientación» (vid.«Desde Buenos Aires. Carta abierta», *La Zarpa*, Ourense, 5.1.1922, p.1).

<sup>156</sup> Vid. NÚÑEZ SEIXAS, *O galeguismo*, cit., 118-122.

<sup>157</sup> Sobre este persoaxe, vid. -a falla de algo mellor- B.ALONSO, *Antón Alonso Ríos. Crónica dunha fidelidade*, Santiago de Compostela, 1994.

de instrucción de carácter progresista, para co-ordenar as súas actividades, mais sen intervir nas súas respectivas vidas administrativas e institucionais: a idea foi expresada por primeira vez nun festival en outubro de 1920, e se concretará ó ano seguinte, co activo apoio do *Comité Auxiliar de las Sociedades Agrícolas de Punteareas* dirixido por Angel Martínez Castro (persoaxe de certa actuación dentro do socialismo porteño), e de líderes tamén relacionados con actividades agraristas en Galicia, como Manuel Cao Turnes.<sup>158</sup> Os requisitos esixidos ás sociedades de instrucción que se quixesen unir á federación eran, en principio: seren galegas, republicanas e democráticas.<sup>159</sup> O proxecto terá cume coa constitución no setembro de 1921 da FSG, a cuxo congreso fundacional asistiron delegados de 13 entidades representando a 1780 asociados, ocupando Martínez Castro a súa secretaría xeral. A meirande parte das sociedades de instrucción aderidas á FSG proviñan da provincia de Pontevedra e, secundariamente, da de Ourense; en troques, a *Federación de Sociedades Agrarias e Instructivas* da provincia da Coruña foi rexeitada por tratarse xa dunha federación de ámbito provincial.<sup>160</sup> Nas conclusións do seu primeiro congreso, a FSG atívose a reivindicacións programáticas directamente adoptadas do agrarismo galego: abolición dos foros -avogando a realización dunha campaña de axitación entre a colectividade galega para esixila-, demandar a construción dun "Ferrocarril Central Gallego", laicización e modernización decidida do ensino primario, etc. A FSG publicará a partires de xaneiro de 1922 un quincenario, *El Despertar Gallego*, dirixido conxuntamente por Alonso Ríos e Cao Turnes, de influencia e orientación política cada vez máis orientada

cara a un republicanismo agrario de esquerda. O vencellamento co movemento agrarista en Galicia, en auxe por ese tempo e liderado pola *Acción Gallega*, será crecente, o que contribuirá, xunto dun maior influxo por parte do Partido Socialista arxentino, a unha politización máis acusada da FSG: así se pon de manifesto no seu segundo congreso (31.10-1.11.1922), no que se submeten a discusión as conclusións do Congreso Agrario de Tui celebrado no xullo dese ano pola *Confederación Regional de Agricultores Gallegos*. A FSG amosouse de acordo con practicamente todas as conclusións do Congreso de Tui, incidindo especialmente na Reforma da Constitución e da lexislación civil; a extensión da lexislación reformista a prol do obreiro ós «obreros del campo»; unha ampla amnistía para presos políticos; insistencia na abolición de foros e non na redención (é dicir, en que se suprimise o sistema foral sen indemnización algunha ós propietarios); supresión do artigo 29 da Lei Electoral e petición da autonomía de Galicia e dos seus concellos. As propostas propias da FSG incidían, precisamente, na «abolición de todo privilegio de clases y afianzamiento del poder civil», laicización do Estado e do ensino, abolición dos «foros, subforos y demás rentas de carácter señorial», creación de cooperativas agrarias de «crédito, producción y consumo», municipalización de servicios públicos, libre cambio, redución do servizo militar e dos efectivos das Forzas de Orde Pública, e maila «reforma de la Constitución de acuerdo con los tiempos en aquellas partes que impiden el desarrollo de la democracia y el afianzamiento de los derechos del pueblo».<sup>161</sup>

A partires deste ano, xa que logo, a orientación política da FSG iráse radicalizando

<sup>158</sup> Cao Turnes, natural de San Xulián de Sales (1894-1954) fora denantes en Galicia conselleiro da Federación Agraria do concello de Vedra; emigrado a Arxentina, traballou como empregado bancario e foi dirixente da *Sociedad de San Juan de Sales*, asemade director do órgano voceiro da Federación de Teo e Vedra (*Unión*).

<sup>159</sup> Vid. B. CUPEIRO VÁZQUEZ, *A Galiza de alén mar*, Sada-A Coruña, 1989, p.22.

<sup>160</sup> Vid. *El Tea*, Punteareas, n.360 (23.11.1921) e 362 (13.12.1921). Fundaron a FSG as seguintes sociedades: *Unión Galaico-Americana*, *Sociedad Agraria Hijos de Moreira*, *Sociedad Agrícola Hijos del Partido Judicial de Cañiza*, *Sociedad Pro-Agraria y Oficios Varios de Moraña*, *Unión de Residentes del Distrito de Sanxenjo*, *Comité Auxiliar de las Sociedades Agrícolas de Punteareas*, *Centro Protección Agrícola de Salceda*, *Sociedad Cultural de Carballeira*, *Sociedad Unión y Progreso de San Julián de Sales*, *Sociedad Hijos del Ayuntamiento de Meaño*, *Sociedad Hijos del Ayuntamiento de Silleda*; asistiron tamén a Federación da Coruña e o *Centro Nogueira de Ramuín*.

<sup>161</sup> Vid. a crónica do congreso en *El Tea*, Punteareas, n.395, 13.12.1922.

progresivamente, configurándose como a vanguarda máis progresista e filosocialista -a Declaración de Principios do Partido Socialista argentino influirá moito na redacción da “Carta Orgánica” da FSG- do movemento agrario galego. A súa influencia e dinamismo foron crecendo paulatinamente, asemade o número de sociedades federadas: en 1926, a FSG incluía xa 36 sociedades de instrucción.<sup>162</sup> A relación da FSG co movemento agrario galego, precisamente en función da súa meirande radicalización, comezará a travesar por eivas, especialmente despois de que tralo golpe de Estado do xeneral Primo de Rivera en setembro de 1923, Basilio Alvarez se amose disposto a colaborar coa Dictadura, na que vía unha plasmación do “cirurxián de ferro” rexeneracionista que remataría co caciquismo e atendería ás reivindicacións reformistas do campesiñado (cosa que de feito fixo o Directorio mediante a promulgación da Lei de Redención de Foros de 1926). Endalí que no 1924 a FSG estableza contactos formais coa *Unión General de Trabajadores* (UGT),<sup>163</sup> relacións que se manterán nos anos vindeiros, endebén o colaboracionismo tácito da UGT coa orientación social-reformista da Dictadura tenderá tamén a ir alonxando a parte dos inquedaos republicano-agraristas bonaerenses do socialismo español e a buscar unha orientación propia de republicanismo galeguista esquerdizante, que se acentuará coa incorporación de boa parte dos núcleos nacionalistas galegos do Plata á FSG dende 1925/26. Como temos analizado noutro lugar, esta orientación progresiva cara ó nacionalismo galego de cariz progresista levará a unha ruptura da FSG en dous sectores -socialista e galeguista- en 1929, ruptura que perdurará durante a II República (1931-36): mentres a FSG galeguista se converterá en apoio firme ó nacionalismo galego, e dende fins de 1931 ó Partido Galeguista, enviando representantes propios que mesmo chegarán a deputados no

Parlamento español (Ramón Suárez Picallo, Antón Alonso Ríos), a FSG pro-socialista se manterá fidel ó PSOE, aínda que a súa influencia directa sobre a política e orientación déste en Galicia foi moito menor. Unicamente o estalido da Guerra Civil española conduciu a unha reunificación de ámbalas dúas federacións na defensa da República fronte á rebelión militar.<sup>164</sup>

#### IV. OS RETORNADOS: ¿REVOLUCIONARIOS, REFORMISTAS OU CONFORMISTAS?

Unha derradeira cuestión é a referente ó influxo individual e colectivo real dos *retornados*, é dicir, dos ex-emigrantes que máis tarde se volveron a asentarse en Galicia. Como advertíamos no principio deste artigo, guiarse polos alarmados testemuños dos observadores conservadores coetáneos pode levarnos a deducir doadas xeneralizacións. Opinión común na época era o definir ós retornados como descreídos, irrelixiosos e potenciais revolucionarios, que perderan na América o respecto polas tradicións e, influídos polo movemento obreiro arxentino ou cubano, a masonería e mailas “malas lecturas”, se converterían á súa volta a Galicia en instigadores de ideoloxías *subversivas*. O galeguista católico-conservador A. Losada Diéguez resumía así nun artigo publicado no 1929 que os retornados «pensan sobre todo no anticlericalismo e con el fan unha mestura de socialismo hespañol, comunismo ruso e masonismo american, cocidos nos fornos de infundidas sociedades, sub-sociedades e pros».<sup>165</sup> Un Ramón Castro López, estudoso do programa emigratorio, laiará que no agro galego, «donde se respiran aires puros y costumbres puras, a donde no llegaron las doctrinas de los sectarios de nuestros días», o influxo dos retornados de América insería o refugo e desprezo á «fe cristiana y las venerandas tradiciones de

<sup>162</sup> Segundo a relación ofrecida por *Céltiga*. Buenos Aires, n. 37-38, 25.7.1926.

<sup>163</sup> Vid. o telegrama de adhesión da FSG en *Galicia*. Vigo, 23.9.1924.

<sup>164</sup> Vid. NUÑEZ SEIXAS, *O galeguismo*, cit., 150 e ss.; id., «Emigración y nacionalismo gallego en Argentina (1879-1936)», *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, n.15-16 (1990), 379-406; id., «A dimensión política de Eduardo Blanco Amor. A difícil andaina dun intelectual no galeguismo (1919-1950)», *Anuario Brigantino*, 16 (1993), 227-70.

<sup>165</sup> A. LOSADA DIEGUEZ, «No día», *Céltiga*. Buenos Aires, n.109-110, 25.7.1929.

nuestros mayores».<sup>166</sup> Testemuños do xénero poderían multiplicarse: o retornado, en definitiva, é visto como un axente de perturbación da orde tradicional, tanto polos seus novos costumes -adquiridos nun medio urbano- como polas súas novas ideas -meirande progresismo, laicismo e refugo da orde político-social tradicional. Daí tamén que dende o eido agrarista os retornados fosen vistos precisamente como a grande esperanza, isto é, os cadros posíbeis dun movemento de *redención* de Galicia: o órgao da tendencia rexionalista da *Solidaridad Gallega, A Nosa Terra*, afirmaba así no 1907:

*«El temor de muchos es el ejemplo de los que vuelven. El despertar actual del campo es obra en gran parte de los que, al regresar al terruño natal, traen las enseñanzas adquiridas en países donde el hombre es hombre y la libertad no es una vana quimera.*

*Esos espíritus liberados del yugo no pueden pacientemente sujetarse nuevamente y sus protestas y rebeliones son ejemplo, que muchos juzgan pecaminoso».*<sup>167</sup>

Existe certamente unha correlación positiva entre a presenza de emigrantes retornados e a fundación de sociedades e sindicatos agrarios: así o testemuñan varias análises locais referidas ó Val do Barcala e á bisbarra de Ortigueira,<sup>168</sup> ó concello de Teo (onde dende 1905-07 a presenza de *americanos* retornados nas directivas das sociedades agrarias de Teo, Cacheiras e Calo é superior ó 50%),<sup>169</sup> ou no Baixo Miño, onde se ten constatado especificamente a meirande radicalidade e pro-socialismo dos dirixentes de asociacións agrarias que foran emigrantes en Buenos Aires<sup>170</sup>; así mesmo, interviñan os emigrados na constitución de asociacións ou candidaturas municipais anticaciquís a nivel local ou comarcal,<sup>171</sup> e mesmo -aínda que menos categoricamente- contribuíron á introdución de formas de sindicalismo obreiro organizado nalgúns zonas de Galicia.<sup>172</sup> Pero tamén hai exemplos do contrario, malia seren quizabes menos numerosos: emigrante retornado e vencellado anteriormente á *Alianza de Villamarín* da Habana (de Vilamarín, Ourense) era Constantino Añel, un dos principais líderes da CEDA no Ourense da II República.<sup>173</sup> Xa que logo, que exista unha *correlación positiva* entre

<sup>166</sup> R. CASTRO LÓPEZ, *La emigración en Galicia*, A Coruña, 1923, p.15.

<sup>167</sup> «La emigración», ANT, n.14, 12.11.1907, p.2.

<sup>168</sup> Vid. LIÑARES GIRAUT, op.cit.; ROSENDE, op.cit., 132-33

<sup>169</sup> Vid. A. DOMÍNGUEZ ALMANSA, *Agrarismo na comarca de Compostela, 1900-1936: cambio social e poder local no concello de Teo*, Tese de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1994, 60-64 e 86-87. Este autor establece que en Teo, Cacheiras e Calo o grupo maioritario nas directivas de sociedades agrarias estaba constituído por fillos de propietarios ou de labregos medios ou podentes, que despois de teren estado na emigración gozaban dunha boa economía e se adicaban con preferencia ó comercio; a ese grupo se unirían os "indianos", é dicir, americanos retornados mais que basicamente vivían de rendas. Nos anos 1911-12, obsérvase un segundo período de auxe societario, no que se fundan sociedades agrarias en varias parroquias (Raris, Oza e Luci, Reís), cun protagonismo meirande dos retornados, que agora eran máis radicais e antiforistas cós de 6 anos denantes.

<sup>170</sup> HERVÉS SAYAR, *Agrarismo*, cit., 67-68.

<sup>171</sup> Como era o caso, p.ex., do concello da Estrada, onde dende 1919 se presentaron varios ex-emigrantes como candidatos agrarios independentes, fronte ós bandos tradicionais da vila. Nembargantes, o Centro de Emigrados da Estrada non encostaba explicitamente esas iniciativas como institución. A relación política entre ex-emigrados e política municipal, malia existente, era máis implícita que explícita, fronte ó maior compromiso ideolóxico dos estradenses residentes en Buenos Aires. Vid. p.ex. «Municipaleras», *EE*, n.44, 31.1.1922, p.1.

<sup>172</sup> Así, p.ex., na bisbarra do Barbanza, foron os emigrantes galegos retornados de Estados Unidos após 1929 os que contribuíron ó implantamento dos sindicatos anarquistas na zona, podentes durante a II República. Vid. D. PEREIRA, «A C.N.T. no campo galego: (1931-1936)», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, n.95 (1980), p.261. Semellante proceso se observa noutras zonas: vid. id., *A CNT na Galicia, 1922-1936*, Santiago de Compostela, 1994, 88-89, 147-48 e 160-61, e id., «Remesas de emigrantes e movemento obreiro», *Cadernos A Nosa Terra*, n.13 (1992), 13-16.

<sup>173</sup> X.M. CID FERNÁNDEZ, *Escola, democracia e república. Teorías e institucións educativas en Ourense durante a II República*, Ourense, 1994, 167-68.



a presenza de emigrados e o xurdimento ou desenvolvemento de asociacións agrarias ou candidaturas anticaciquís, non implica que *todos*, nin tan sequera que *a maioría* dos emigrantes retornados mantivesen un comportamento social e político discordante co marco tradicional. Así o demostran os repetidos chamamentos do órgao estradense *El Emigrado*, p.ex., a que os retornados se afiliasen ó Centro de Emigrados da Estrada, e as súas queixas non menos frecuentes verbo da corrupción da política municipal que tamén atraería a moitos emigrantes retornados «que, al regresar de los diferentes puntos a donde fueron a ganarse la vida, vienen criticándolo todo y blasonando mucho de imparciales e innovadores, pero que no tardan en demostrar lo contrario con sus hechos y hasta con sus mismas palabras»<sup>174</sup>. Mesmo no seo da Federación Agraria municipal da Estrada os emigrantes retornados, a pesares de seren un forte piar de apoio da mesma, non sempre eran ben vistos pola súa «arrogancia» e desexo de facerse notar.<sup>175</sup> Un perspicaz observador contemporáneo salientaba asemade que os retornados, pasados os primeiros intres de relouco e celebración cos seus familiares e amigos, non encontraban un doado acomodo de novo na mansa e tristeira realidade do campo galego, polo que tendían a «aislarse o buscar las relaciones de los americanos de su misma procedencia, con los que comparten sus desilusiones y sus penas [...] aburridos con el ocio a que los condena su posición de adinerados, y echando de menos, quizá, la vida agitada que acaban de dejar»; endalí que moitos deles optasen por volveren definitivamente a América, mentres aqueles que escollian remanecer en Galicia podían converterse en elementos ata certo punto dinamizadores da vida social, económica e política do país, mais non necesariamente deviñan líderes inconformistas ou revolucionarios:



7.-“Os indianos ricos se manteñen á marxe dos seus conveciños”. Cadro de Castelao.

*«[outros retornados] se someten a las exigencias de una nueva adaptación, construyen sus viviendas, mejoran sus fincas implantando nuevos métodos de cultivo, toman parte en las contiendas de la cosa pública, y acaban por imponerse, ya que no al cariño, al respeto de sus conciudadanos, figurando como elementos de valía en el resurgimiento material del país, al que aportaron esas dos fuerzas propulsoras llamadas capital y trabajo, con conocimientos prácticos comerciales o industriales [...] y aún suele suceder que, introduciéndose con habilidad y tacto en las corrientes de la sociabilidad modernizada, que no comulga con las preocupaciones de blason y de casta, llegan a entroncar con familias de abolengo, en cuya savia introducen elementos vigorizadores.»*<sup>176</sup>

Testemuños menos indulxentes, coma o do ortigueirés Julio Dávila, preferían tachar ós “americanos” retornados a Galicia de lacazáns, tacaños e de “mal exemplo” para a mocidade, en canto se limitarían a viver das rendas acumuladas: ora ben, Dávila establecía diafanamente unha diferenza entre os que triunfaron

<sup>174</sup> «¡Estradenses!», *EE*, n.6, 30.11.1920, p.1.

<sup>175</sup> Un exemplo desas disputas entre teóricos correligionarios en *EE*, n.9, 16.1.1921, p.2: boa parte dos asistentes á asemblea ordinaria da Federación Agraria reaxiron contra dunha serie de propostas organizativas dun representante dos estradenses de Buenos Aires, increpando ós retornados que «sólo vienen aquí a darse de tono y a hacer de perturbadores, y que, en resumidas cuentas, este país no le debe a los emigrados nada, o casi nada».

<sup>176</sup> F. MARTÍNEZ SANTRADÁN, «Los ches», *Almanaque Gallego para 1911*, Buenos Aires, 1911, 126-28.

na América, que despois tendían en Galicia á pasividade e ó aillamento; e os que non acumularon fortunas alén mar, quen se integrarian moito mellor de novo na vida galega e mesmo «hallan aquí buen campo para desarrollar sus energías» en tódalas ordes.<sup>177</sup> Probabelmente sexa ésta unha clave explicativa máis acaída: os elementos social e politicamente máis “in- quedos” entre os retornados serían nin máis nin menos aqueles que xa na América se distinguiran por unha certa actividade nese senso -ben nas sociedades receptoras, ben dentro do propio tecido asociativo galego ou español-; mentres os máis acomodaticios co *establishment* imperante na vida local e política galega se caracterizarían pola súa tendencia á asimilación ou, en boa parte dos casos, a un retraimento consciente da vida social, tendendo máis ben cara a un certo aillamento -buscando a compañía doutros “americanos”- e cara a un inconformismo socio-político máis pasivo que activo.

Algunhas formas de sociabilidade e ocio inseridas ou potenciadas polos retornados si parecían respostar en parte a ese desexo de estaren con outros *americanos*, quen ademais se caracterizaban pola prédica dun respecto escruposo ás leis e ós “principios cívicos”: un exemplo curioso ofréceo a sociedade de cazadores da Estrada, apoiada decote polos emigrados, e integrada en boa parte por retornados, que se distinguiu polas súa descalificación constante do furtivismo e mesmo promovía que era preciso denunciar ós infractores, para dar exemplo de civismo en tempos de “corrupción social”;<sup>178</sup> igualmente, dende *El Emigrado* facíanse repetidos chamamentos contra da embriaguez e os seus nocivos efectos sociais.<sup>179</sup> Máis esporádicas, pero dignas de seren salientadas, eran iniciativas que denotaban unha meirande apertura de horizontes mentais: así, na vila da Estrada tivo lugar no 1923 unha conferencia sobre «Los aspectos terapéutico, trofológico,

sociológico y moral del Naturismo» a cárgo dun americano natural da Estrada e residente en Montevideo.<sup>180</sup>

Polo tanto, podemos concluir que existiron varios tipos de retornados: dunha banda, os *indianos* máis ou menos acomodados, e doutra banda os *americanos* menos acomodados, que contribuíron de maneira decisiva a forxar e engrosar no rural galego unha elite inqueda e activa, que puido converterse no acicate decisivo das campañas agraristas de 1900-1926, tamén de sindicatos ou sociedades de orientación socialista ou anarquista, e da expansión durante os anos da II República do nacionalismo galego. Tanto os uns coma os outros, pódese afirmar, desempeñaron unha función modernizadora no plano sociopolítico en Galicia, novos hábitos organizativos e, ata certo punto, novas maneiras de vivir a política, que en parte explican algúns dos cambios acontecidos na sociedade galega no periodo posterior (1923-36). A Guerra Civil supuxo sen dúbida unha ruptura da evolución socio-política diferencial da sociedade galega, baseada, sobre todo no rural, nun modelo asociativo campesiño autónomo e de grande vigorosidade.<sup>181</sup> a situación posterior a 1939 xa non foi a acaída para que os americanos fixesen senti-lo seu influxo nun senso ou noutro. Moitos retornados foron represaliados polo bando franquista en castigo ás súas ideas progresistas, ó igual que outros moitos “americanos” se aliaron cos rebeldes en defensa das súas propiedades. □

<sup>177</sup> J. DAVILA, «Los galaico-americanos retirados», *Almanaque Gallego para 1913*, Buenos Aires, 1913, 33-35.

<sup>178</sup> Vid. p.ex. *EE*, n.36, 7.11.1921, p.2.

<sup>179</sup> Vid. p.ex. P.V., «Las tabernas», *EE*, n.67, 16.9.1922, p.3.

<sup>180</sup> «Conferencia naturista», *EE*, n.100, 24.8.1923, p.3. O conferenciante era o estradense José Castro, fundador da *Escuela Libre Naturista* de Montevideo e director da revista *¡Vivir!*, órgano oficial da dita escola.

<sup>181</sup> Vid. L. FERNANDEZ PRIETO, «Represión franquista y desarticulación social en Galicia: la destrucción de la organización societaria campesina, 1936-1942», *Historia Social*, n.15 (1993), 49-63.



*ARTE, LITERATURA,  
ANTROPOLOGÍA, ...*



E 196  
X-1982